

XI
*Certame
Literario*

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

*Manuel-Oreste
Rodríguez-López*

XI
*Certame
Literario*

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

*Manuel-Oreste
Rodríguez-López*

Reencontro no ceo

Creo que no pasado mes de xuño, produciuse un novo encontro entre dúas almas xemelgas: o poeta de Paradela, Manuel Rodríguez López e o seu biógrafo, Manuel Blanco Castro, que finou o dezaioito de xuño, ós 79 anos na cidade de Barcelona (D.E.P.).

Xunguidos desde rapaces, polos valores do humanismo, foron e son exemplo de compromiso vital na amizade, no amor ás súas raíces galegas, con plena dedicación ós demais, en especial, como “avivedores” da conciencia colectiva da nosa Terra Galega.

Estou ben seguro que nese ceo especial de ilustres persoeiros galegos, eles seguirán a xermolar unha actividade de compromiso, cariño, amizade... para que todos aqueles que seguindo no camiño da vida cara esa emigración eterna, poidamos manternos unidos na súa lembranza ó traveso da súa obra e, sobre todo, con este Certame Literario que, ano a ano, nos une dun xeito real.

O biógrafo, Manuel Blanco Castro, soubo achegarnos a traveso da “Vida e Obra de Manuel Rodríguez López” moito máis ó noso poeta. Como o propio autor di: “vai nelo toda a miña alma”. A boa fe que é certo, pois o libro ten un nexo común de profunda e brillante ilustración, sen deixar anaco por destacar de tan singular persoeiro. Grazas pois a Manolo Blanco polo seu traballo que, unha vez máis, acredita a súa bondade e xenerosidade.

dos galegos

Quédame dar a noraboa ós gañadores deste ano, que tiveron que competir duramente ó se presentar máis de cento cincuenta traballos. Para eles o desexo de que sigan sendo seiva viva da cultura e , para nós, o compromiso de continuar desde este Certame a cumprir o desexo do noso poeta, Manuel Rodríguez López ,que non era outro que non fose traballar en exclusiva pola cultura galega.

J. M. Mato

Paradela, outono 2006

O meu bo amigo *Escritor e Poeta de Paradela*

IN MEMORIAM

Ai Manolo, meu amigo,
Poeta de Paradela,
Aquí estamos teus amigos
Para facer unha festa.

Unha festa da cultura
Que recorde o teu andar,
Teus poemas, teus artigos,
Tua maneira de pensar.

Dende arriba, alá no ceo,
Nosos amigos podes ver,
Que aínda que pasan os anos
Tua memoria non morreu.

Forma parte destas vidas,
Acompaña o noso andar,
Está dentro destes peitos,
E por sempre ha de estar.

Corredoiras desta terra,
Que te viron camiñar,
Unha historia de labregos,
Un contiño que contar.

Emigrante en terra allea,
Con seis anos vas alá,
Tan pequeno vas o encontro
Vas o encontro da tua nai.

A inocencia dun pequeno,
Ilusións e moito amor,
Nace dentro do teu peito
Una forte vocación.

Vocación pro ben alleo,
Un profeta da igualdade,
Millorando a tua xente,
Con traballo e caridade.

Loitador en tempos mozos,
Coa tua verba como espada,
Convenios e horas extras
Milloran a crase obreira.

Tes un regalo divino,
Unha dona que unha santa,
O teu carón, sempre musa,
De dozura e de esperanza.

Vas e voltas do traballo,
Sempre coa pruma na man,
Escribes do mundo obreiro,
I o que e pobre e teu irmán.

Nace Enrique e logo Santi,
Xa eres un pai feliz,
¡Quén diría meu amigo
Que a vida sería así!

No outo barrio de Vallcarca,
Pertíño do parque Güell,
Tes o teu nido querido,
Tes o teu nido Manuel.

Fuches cronista galego,
Dos eventos que se fán,
Dunha Galicia emigrante,
Dos que veñen, dos que van.

Socio do Centro Galego,
Bibliotecario de ben.
Da gosto ver os teu libros,
Expostos alí tamén.

Dous libros coa nosa historia,
Dous libros co seu primor,
Galegos en Catalunya,
Tomo un e tomo dous.

Atlántida e Anxel Fole,
Volta a España, Vivencial
Obras son da tua pruma,
Compendios do teu pensar,
Son parte das nosas vidas
E loita do noso andar.

Manuel Oreste Rodríguez López

O día que nos deixaches,
Perdemos un bo amigo,
I agora coa tua obra,
Voltamos a estar contigo.

Manolo despois duns anos,
Non hai cambios importantes,
Pero xa non temos loita,
I os obreiros non son de antes.

Hai dereita i hai esquerda,
Partes das dúas Españas,
Que quedando pouco dela,
Vive por sempre en campaña.

Invasión dos sin papeles,
Fame no terceiro mundo,
En cayucos a Canarias,
Moitos perden o seu rumbo.

Atentados na cidade,
Morren duascentas persoas,
I o petroleiro Prestige,
Emerdando as nosas costas.

Os vascos i os catalans,
Coma sempre piden máis,
Estatuto moi completo,
Independencia total.

Por cabreo ou por loucura,
Quéimase o monte galego,
E millor pensar que a sorte
Non é cousa deste xogo.

E namentras diputados,
Que viven noutra galaxia,
Discuten e mais discuten,
Sen dar xeito a ista desgracia.

Pouco queda Manoliño,
Deste pobo e patria unidos,
O fruto da democracia,
Libera destes cumpridos.

Democracia que separe,
¡Diola teña ben aló!,
Nos queremos unidade,
Democracia con amor.

Fora a dereita e a esquerda,
Si todos somos irmans,
Todos uns por a millora,
Por a millora social.

I o teu pobo, meu amigo,
Progresou moito abofé,
Que ben marcache o seu rumbo,
Na cultura e no saber.

Paradela i o Concello,
Recordando a tua obra,
Ten concurso de poetas,
Co teu nome, a tua honra.

Sigamos todos unidos,
O carón do teu saber,
Os que fomos teus amigos,
Non te vamos esquecer.

E dentro dun ano xuntos,
Co teu recordo millor,
Será festa en Paradela,
do teu nome, o teu honor.

**Alfredo González Vilela
Barcelona, 2006**

Amigos todos en

Imos darlle un “Ata logo” ó noso amigo Manuel Blanco Castro, unha das mellores persoas que teñamos coñecido, un dos maiores namorados de Lugo que naceron nesta cidade bimilenaria, un home de fe, de boa fe, da igrexa e do mundo.

Un dos momentos máis felices para Manolo Blanco foi cando en Paradela e en Barcelona presentamos o seu libro sobre Manolo Rodríguez López, o escritor de Paradela, coma el un home excelente, excelentísimo.

Daquela eu inventeime unha apócrifa “Parábola das cereixas”... referida a Manolo Blanco e Manolo Rodríguez.

Xesús Mato presentoume hai trinta e moitos anos a Manolo Rodríguez; gracias a Manolo Rodríguez coñecín a Manolo Blanco. E así, a moita máis boa xente. Porque do mesmo xeito que cando dun cesto de cereixas tentamos coller unha soa non o conseguimos, senón que unha trae outra, e outra, e outra.... As cereixas, coma a boa xente, xúntanse. Porque xuntos somos moito máis nós mesmos, reforzados polos demáis.

Manolo Blanco, na súa vida, nunca estivo só, porque tivo moitos amigos. Primeiro na comunidade franciscana, e logo fóra dela.

Quizáis o seu espírito era demasiado libre para estar atado por unhas regras e coutado por uns muros.

Elixiu o mundo exterior... porque nel estaba Primitiva, a súa dona. Porque nel nacería o seu fillo, Manuel, que lle achegaría outra filla, Esther.. Porque alí o agardaban seus irmáns María, Pablo e Carmen. Porque o mundo exterior estaba cheo de galegos; porque no mundo exterior estaba Lugo, e estaban Enciclopedias que había que encher; e xornais cos que colaborar; e emisoras de radio polas que falar; e a Biblioteca do Centro Galego... e estaba a memoria de Frei Plácido, que había que investigar. E dentro de Lugo, estaba Recatelo... e a finca Revilla... e tantas e tantas cousas; e tantas e tantas lembranzas...

Manolo Blanco

E os amigos; e a cultura; galego en Catalunya; cidadán do mundo; lucense sempre, soñando con Lugo, anxeiando vivir en Lugo; por fin, Manolo, en Lugo.

Desde hoxe, Manolo está dobremente no ceo. No Lugo-ceo da súa cidade amada; e no ceo dos galegos, merecido por toda unha vida de traballo, de amor e de entrega.

E Manolo, que tanto sufriu en vida pola súa boísima mala saúde, está agora comprobando o que escribiu Xosé María Díaz Castro:

“Cando apalparon a Morte,
viron que era unha mau moi donda que mataba
unha lus e acendía outra lus, e, moi ledos,
chegáronse, amodiño, á soleira do Reino
mesmo que o paporroibo nos días de gran neve
se acurrucha cantando nas portas dos labregos... “

Ata sempre, Manolo, amigo. Manolo dos ollos limpos, da esperanza infinita, do amor sen límites pola terra, polas xentes, pola cultura.

Para ti Manolo, para os teus ollos, escribíu Díaz Castro o seu poema:

“Sabem os ollos que hai tralo valado un Reino
e que do anxo hastra o grilo brinca o gozo de Deus.
E Deus dá boa fada ós ollos namorados
que chegaron abertos ás portas do mencer.
Ata sempre, Manolo Blanco, amigo.

In Memoriam de Manolo

Benquerido Manolo: Noraboa e felicidade eterna para ti, noso fiel amigo! Seguimos a contar contigo! En mellorada posición! Amigo inseparable de Deus que te acolleu no medio da túa difícil vida de “emigrante, sempre errante”, e te segue acoller agora, agarimosamente e para sempre, na única, verdadeira e definitiva Patria. Tamén amigo dos amigos. Especialmente dos máis pequenos que aínda circulamos por este noso aloucado mundo que ti tentaches de ir asimilando con paz, paciencia e comprensión.

Despois de moitos atrancos e dunha vida chea de dúbidas e incompreensións tanto no eido físico coma no psicolóxico (e mesmo relixioso) chegaches á túa madurez e tamén á meta definitiva, sendo dono de ti mesmo e loitando, con fe e esperanza, ata ao final. A túa dura enfermidade, (a “dos osos quebrados e doídos” xunto co teu cárcere especial da diálise) levoute a encarar, varias veces, á mesma morte, sen medo, contra a que, polo teu carácter forte e impulsivo, tamén moitas veces te revelaches coa carraxe dun home forte/valente e sobre todo “home de moita fe”, acrisolada na vida. Esta actitude ven de purificar as túas debilidades. Nunca te vin con fe esmorecida e/ou aletargada ou durmida, a pesares dos trancazos que fuches encaixando. Conserváchela ata á fin!. Foi o outro gran regalo que che deu o Señor. Como tamén que che se cumprise parte dos teu íntimo desexo de que os teus restos mortais repousasen no teu endexamais esquecido Lugo, na túa amada cidade do Sacramento, que foi testemuña do teu nacemento e pola que tanto suspiraches ata o derradeiro alento. Fuches, coma outros irmáns da Terra, “un galego emigrante e errante” que fuches espallando e sementando por diversas partes do mundo (como relixioso franciscano e como persoa aberta aos demais) a Mensaxe de Xesús, nos difíciles anos da aínda no asumida transición (tamén da Igrexa) a que ti tanto amaches e quixeches sempre. O teu testemuño de traballador incansábel e de persoa preocupada por espallar a cultura e sobre todo de “enaltecer aos pobres e humildes” nas túas biografías, deixou sinais claros en

Blanco... emigrante errante!

Holanda, EE.Unidos de América, Venezuela, Suíza, Salamanca, e sobre todo en Barcelona, onde viviches os máis felices anos da túa ampla e produtiva vida. Desde o gozo e a gloria que o Señor che tiña xa reservada desde a eternidade e á que ti tentaches de responder con coherencia, óllanos coa túa mirada bondadosa e comprensiva e bótanos unha man aos que aínda andamos na loita por aquí abaixo. Coma o ancián Simeón, xa “sucedeu” o que ti tantas veces me tes comentado lle dicías ao Señor: “Lévame para alá...agora xa podoo morrer en paz...porque os meus ollos viron...cara a cara aos Salvador” ¡Que descanses na paz Deus, benquerido amigo!.

Xesús Mato, en nome propio e dos seus amigos/as

Bases

PRIMEIRA: Establécese un Premio de 600 euros para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de POESÍA e outro de 600 euros para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de NARRATIVA.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. En ámbolos dous casos, escritos a máquina e a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de 2005. Presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Paradela, por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Adxuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor, cunha declaración de que o relato ou a obra poética é axeitada ás normas contidas na Base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados. No caso de participación en ámbolos dous apartados, deberase concursar en cada caso e presentando a obra por separado.

CUARTA: O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de decembro de 2005 e farase público polos medios de comunicación. O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Paradela, que se reserva o dereito a publicalas.

SEXTA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, que terá lugar en Paradela, na data fixada polo Excmo. Concello de Paradela.

SETIMA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é da exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Fallo do xurado

Acta de constitución

“XI Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López”

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas con trinta e oito do día vintetres de marzo de dous mil seis. O Xurado designado, formado polos Señores:

- D. Xosé Manuel Mato Díaz (Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Paradela) como Presidente;
 - D. Xoán Xosé Molina Vázquez (Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia en Lugo),
 - D. Xesús Mato Mato (crego, escritor e musicólogo),
 - D. Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación Provincial de Cultura en Lugo, escritor e periodista),
 - D. Xabier Rodríguez Barrio (poeta e escritor) e
 - D. Santiago Rodríguez López (fillo do homenaxeado), como vocais.
- E D^a Paula Ramos Díaz, Secretaria do Excmo. Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma, procédese a calificar as obras presentadas e atopadas conformes ás bases no seu día aprobadas.

O Xurado por unanimidade, acorda:

Primeiro: Outorgar o premio de POESÍA, á obra titulada EL HAZ Y EL ENVES, presentada baixo o lema Románicus. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a D. RESTITUTO NÚÑEZ COBOS, con enderezo en Córdoba.

Asimesmo, dada a calidade dos traballos presentados, o Xurado acorda outorgar tres Accésits no apartado de POESÍA.

- Accésit, á obra titulada PALABRAS DE AMOR, presentada baixo o lema Itaca. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. JUAN LORENZO COLLADO GÓMEZ, con enderezo en Albacete.

- Accésit, á obra titulada BANDEIRA ESFIAÑADA. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D.^a ALBA CID FERNÁNDEZ, con enderezo en Ourense.

- Accésit, á obra titulada MUJER DE ÉBANO. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D.^a ISABEL OLIVER GONZÁLEZ, con enderezo en Valencia.

Segundo: Outorgar o premio de NARRATIVA, á obra titulada RAIOLAS NO FALLADO, presentada baixo o lema Robinson Crusoe. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a D. FRANCISCO ROZADOS RIVAS, con enderezo en Forcarei (Pontevedra).

Asimesmo, dada a calidade dos traballos presentados, o Xurado acorda outorgar dous Accésits no apartado de NARRATIVA.

-Accésit, á obra titulada CASIOPEA, presentada baixo o lema Pluriempleo. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. JUAN LORENZO COLLADO GÓMEZ, con enderezo en Albacete.

-Accésit, á obra titulada OS PÉTALOS DE ADILA. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. FRANCISCO PIÑEIRO GONZÁLEZ, con enderezo en Cervo (Lugo).

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por tódolos membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as catorce horas e cinco minutos, do que eu como Secretaria dou fe.



Restituto Núñez Cobos

Nacido en Castellar de Santiago (Ciudad Real) en 1942, y con residencia en esta misma localidad manchega, o en Córdoba, según épocas del año.

Maestro y Licenciado en Filología Hispánica y profesor de EE. MM. de Lengua y Literatura (jubilado).

Es autor de un 'Proyecto Curricular de Lengua en Secundaria' (que le publicó la revista Alminar de la Delegación Provincial de Educación de Córdoba en 1996), y del ensayo, en colaboración, 'Didáctica y Metodología de la Poesía en la Enseñanza Secundaria', en 1997. Pero sus actividades se dirigen actualmente a la creación literaria en verso y prosa poética. Fruto de ello son las publicaciones 'La brisa se suspende', 'En los espejos del alma' y algún otro de próxima aparición.

Tiene relación con diversos movimientos literarios –Astro, de Córdoba, Verbo Azul, de Alcorcón, Alforja de Estaribel, de Puertollano...–, y es miembro del Grupo Literario "Guadiana", de Ciudad Real, en cuya revista "Manxa" colabora habitualmente, así como en otras, esporádicamente.

Aunque a lo largo de su vida dejó respuntes de sus juguetes con la lengua escrita en periódicos y revistas, durante los tres últimos años está participando, animado por otros compañeros de aficiones poéticas, en algunos certámenes literarios, en los que ha obtenido diversos premios. Destacan:

- *Nelson Zúmel, Grupo Galicia en Madrid.
- *Molino de Viento de "La Bella Quiteria", de Munera (Albacete), en dos convocatorias.
- *Justas Poéticas de la Ciudad de Dueñas (Palencia), en dos convocatorias.
- *Club Excélsior, de Daya Nueva (Alicante).
- *Certamen Literario Verbo Azul, de Alcorcón (Madrid).
- *Certamen Literario de Benagalbón (Málaga).
- *Certamen de Poesía María Giral, de Valdemorillo (Madrid).
- *Certamen Literario de la Asociación Protectora del Patrimonio de Letur (Albacete), prosa.
- *Certamen Literario "Letras de Baños". Baños de Montemayor (Cáceres).
- *Certamen Internacional de Poesía Café de Oriente Gerardo Diego, de Madrid.
- *Cata del Vino Nuevo y Anochecer poético "El Trascacho". Valdepeñas (C. Real).
- *Premio de Poesía Amorosa "Noctiluca". Rincón de la Victoria (Málaga).

Figura también en algunas antologías:

- Relatos, de Silva Editorial, Tarragona 2005.
- Libros-homenaje, por ejemplo, al poeta Rafael Morales, 2006.
Córdoba, abril de 2006.

y el envés

Restituto Núñez Cobos

1. El haz...

Mors ianua vitae (Proverbio)
La muerte es la puerta de la vida.

Todo empieza, la muerte con la vida;
todo acaba, la vida con la muerte.
¿O la vida subsiste, de tal suerte
que no es la muerte el fin de la partida?

La vida es la pregunta, grupa y brida;
la respuesta es la muerte, trance inerte.
Viento entre el huracán, luche y acierte
si no es pasión que sufre su estampida.

¿Penden del mismo astil y llegan quedas
por los mismos altares y veredas?
Vida y muerte a la par, ¿no son locura?

Acaso, alfa y omega, hitos cercanos,
se conjunen, asidos de las manos.
¡Amantes, una sola criatura!

2. Robusta flaccidez

Miscentur tristia laetis (Ovidio, Fastos)
Las cosas tristes se mezclan con las amargas.

Todo dentro de casa y todo fuera.
Placer que mece y pena que acoquina.
Lodo frente a un pincel aguamarina.
Todo pende de un clavo en la espetera.

Y todo es contrapeso, pues pondera
pócimas y amargores de rutina
con el encanto de la golondrina
y la fuerza del trigo en sementera.

Como en Ovidio, oscila en el sendero
el amor... y el dolor del Ponto Euxino:
tibia colmena y sórdido avispero.

¡Ay fluir de la vida, peregrino
azar, última sed y afán primero!
¡Ay compulsión que crece tan sin tino!

3. Tempus fugit

Antiquus amor carcer est. (Petronio, Satiricón)
El antiguo amor es como una cárcel.

¿Pueden darse al olvido las vivencias
que marcaron jalones de anchos lazos?
Suenen en la nostalgia aldabonazos
de haces de brasas, ondas y cadencias.

¿O acaso entre timbales de demencias
vuelan tenues estambres de aletazos?
Dibujen sus pinceles áureos trazos
con proverbios de enigmas y sentencias.

Grada de sentimientos sensitiva
–satírico Petronio–, el tiempo huido
condense en su alambique savia viva.

¿Cárcel y amor para los años tiernos?
Huellas de infinitud, trova y quejido.
Oscura claridad. ¡Salmos eternos!

4. Los recovecos del alma

Hinc illae lacrimae (Horacio, Epodos)
Este es el motivo de estas lágrimas.

Me sobrecoge el odio. Y aun reacio
a su furia de envidias y pasiones,

noto que el resquemor de sus arpones
me oprime la garganta. Negro espacio.

Me atosiga el desprecio. Es el prefacio
de hórridos arrebatos y traiciones.
Es vidrio de frenéticas tensiones.
Es agrio estrés para rumiar despacio.

Me cripa la soberbia. Hiel que inquieta
con su daga de filos altaneros,
quiebra la paz con dádivas absurdas.

¡Ay voz de Horacio, planto de poeta!
¡Odio y desprecio, crueles hervideros
que amasa la soberbia en sus zahúrdas!

5. Carpe diem

**Notatio naturae et animadversio peperit artem*
(Cicerón, Orator ad M. Brutum)

El estudio y la observación de la naturaleza hicieron
nacer el arte.

¿Puede haber libertad en esas aves
-alas de excelsitud que mece el viento-
de ágil perfil, con su timón y acento,
portento del amor, extrañas naves?

¿O en las fuentes del mar con mudas claves
que duermen en el río del aliento?
Naturaleza es arte y pensamiento,
libre con tu palabra, y no lo sabes.

Libre trenza la brisa su estribillo.
Unge el clamor que expande la campana
-libre en su resplandor- el sol sencillo.

Libre, la voz que canta a la mañana.
Libre, el agua en el caz del molinillo.
Libre es, en fin, el trigo cuando grana.

6. El oro y el oropel

*Arduum est eodem loco potentiam et concordiam
esse (Tácito, Anales)

Es difícil que el poder y la concordia están juntos.

¿Para qué el poderío, esa porfía
que lleva a la ambición cuando se toca?
Duele la posesión cuando se enfoca
desde su anillo inmenso de agonía.

La pensamos virtud que sostenía
la entraña de los hombres –trueno y roca–,
que en el azul de nuestra senda loca
dócil a nuestros pies se nos rendía.

Pero deja un resquemado asustadizo
y envuelve una falacia de propuesta
–germen que nos inculca un fin postizo–.

Le falta la quietud que el alma presta.
Porque es –suspiro y nada– altar y hechizo,
nos engaña el color de su respuesta.

7 ...y el envés

*Lugete, o Veneres Cupidinesque (Catulo, Carmina)
Llorad, oh venus y amorcillos.

¡Llorad, oh, sí, llorad, hombre dolido,
doncellas y cupidos, con gran pena!
¡Marchitado el verdor de su verbena,
el grácil pajarillo ha fenecido!

¡Oh tártaro infernal, orco temido!
¡Oh niebla que la vida le cercena!
Le habéis robado, con feroz condena,
del regazo de Lesbia el tierno nido.

Cuyos ojos, henchidos de su llanto,
no alcanzan ya un abrigo de esperanza
y no hay paz, no hay respiro en su quebranto.

¿Cómo aliviar tan lúgubre mudanza?
¡Catulo ritme su afligido canto!
¡Trinen los lirios su infeliz romanza!



Juan Lorenzo Collado Gómez

Juan Lorenzo Collado Gómez, natural de Albacete. Es graduado social y compagina su trabajo en Caja Castilla La Mancha con su afición literaria. En 1997 escribe su primer cuento que resulta premiado en un certamen y con ello se inicia su actividad en el apasionante mundo de las letras.

En marzo de 2002 se publica su libro de relatos titulado "Aire". Es miembro de la Asociación Cultural "Alcandora".

Ha obtenido diversos premios literarios, tanto en prosa como en poesía, entre los que se encuentran: Molino de Viento de la Bella Quiteria de Munera (Albacete), Corpus Christie de Camuñas (Toledo), At Fontes de la Cueva Negra en Fortuna (Murcia), Hucha de Barro, Fiesta de la Vendimia de Requena (Valencia), Castillo de Chinchilla (Albacete), Poetas del Ebro en Amposta (Tarragona), Helenides de Salamina (Cáceres), Federico García Lorca en Barcelona, el premio de poesía Vinos de la Mancha en Alcázar de San Juan (Ciudad Real), finalista del Certamen de Relatos Max Aub en Segorbe (Castellón) o el certamen de relatos de Medicus Mundi en Asturias.

En septiembre de 2004 obtuvo el premio "MANUEL DÍAZ LUIS" de novela en Monleón – Salamanca.

de Amor

Juan Lorenzo Collado Gómez

I

Se ha detenido el tiempo en nuestra esquina,
bajo viejo farol amarillento
y sonríe la tarde y besa el viento
tu piel con suavidad de golondrina.

Cómo vuela el amor, cómo ilumina
el vaivén de tu pelo en movimiento,
el fuego de los astros, el lamento
que clava tu mirada en mi retina.

Sopla el viento, susurro diminuto,
marinero sin nombre que navega
la distancia sin ti cada minuto.

Desde el fondo del tiempo hoy me llega
un enjambre de flores, un tributo
que cruza el llano y lo convierte en vega.

II

Me aproxima la lluvia tu vacío
y el labio de las nubes un tremendo
cántico de la altura, leve atuendo
del infinito sobre suelo frío.

Une el amor tu corazón y el mío.
música silenciosa va surgiendo
de todos los rincones. Ya comprendo
que sin mares no puede haber navío.

Ni siquiera la calma de la noche
apaga este latido de emoción
que llega hasta tu piel hecho pedazos.

La fuerza de la vida es un derroche
de sinrazones en el corazón
y de cuerpo rendido entre los brazos.

III

Mi destino es ser cántico profano,
sosegado descanso de tu prisa,
quizá de tu mirada, de tu risa
que acerca hasta mis sueños lo lejano.

Cogido cada día de la mano,
miro hacia el frente donde se divisa
el resplandor dorado de tu brisa,
tu lluvia sobre tierra de secano.

Mi destino es guardar cada jornada
el último latido de la estrella
que le permite el paso a la alborada.

Sigue viviendo en mí la tarde aquella
que me puse en los ojos tu mirada,
la luz enamorada de tu huella.

IV

Como tu voz mi voluntad aprieta,
enamorado, alegre, vacilante.
Cómo te llevo dentro cada instante
Acorralado en tu mirada inquieta.

Me pliego entre tus brazos, en la grieta
de tus pechos, un hálito constante
de las horas que tengo por delante,
mi sangre siempre a tu bondad sujeta.

Lo nuestro es un volcán, una marea
que invade con su palpito vehemente
el gesto viejo de la edad perdida.

Lo nuestro es una sombra que alborea,
un latido conjunto, permanente
que levanta el sentido de la vida.

V

Quiero quitarme miedo a la penumbra,
vestir el corazón de colorido,
poner un árbol nuevo en cada nido
y bendecir el sol que nos alumbra.

Quiero alzar la bandera que deslumbra
las orillas de un mundo oscurecido,

postrarme ante tu rostro amanecido
y adorar la belleza que te alumbra.

Llueve y la lluvia me parece llanto
de flores blancas, universo breve
cubierto por la gracia de tu encanto.

Y muere el viento en el cristal, y llueve,
y se refleja en el cristal tu encanto
y en la piel sensación de mi relieve.

VI

Amo lo que hace poco me era extraño:
encanto, vanidad, leve semblante
que agita el ritmo de tu voz triunfante
y aumenta mi verdad cada peldaño.

Miedo produce, miedo y desengaño
la vida, a cada paso, cada instante,
pero viene tu lluvia penetrante
y nada, bello amor, me causa daño.

¿Cuál ha sido la base del secreto?
¿Cuáles las manos blancas donde aprieto
la esencia de la vida cada día?

Oleaje total de una pasión,
yo te entregaba ayer mi corazón
y en tus ojos me late todavía.

VII

Eres arroyo donde cada día
tu palabra de amor se hace corriente,
plegaría entre el pasado y el presente
donde cada sonido es armonía.

Amar es celebrar en compañía
el vino de la vida, la simiente
que cuelga un mundo nuevo en nuestra frente
y una esperanza en la melancolía.

Ya no es vivir con más pena que gloria
ni la página en blanco de una historia
por el paso del tiempo calcinada.

Acaso el corazón nunca comprenda
que amar es caminar por una senda
donde todos inician la jornada.



Alba Cid Fernández

Chámome Alba e nacín nesta cidade ouro e pedra, Ourense, a esa hora perfecta na que raia o día, no ano 1989. Medrei entre contos máis ou menos tenros, lápices trabados e pinturas rechamantes. Un tanto idealista, procurando matices en cada nova sensación, deixei-me tinguir dunha certa melancolía violeta. Pouco a pouco, fun verquendo a fantasía toda en pequenas creacións, xa fosen debuxos, poemas ou relatos breves. Nos meus dezasete anos de vida, gañei múltiples concursos literarios e plásticos, moitos en concellos galegos: Muíños, Carballiño, Ourense, Barbadás, Curtis, Cervo, Paradela, Lalín, Pontedeume, Ames, Teo, Lugo, Santiago, Outes... Hai outros, tamén inesquecibles máis alá dos límites da nosa Comunidade: Dènia (Alicante), Leioa (Bizkaia), Torrejón de Ardoz (Madrid)... O feito de ser Finalista Nacional no 43 Concurso de Redacción de Coca Cola e tamén unha das gañadoras de Relatos do Verán 2001 da Voz de Galicia axudoume a dirixir o voo...

Tan só desexo seguir a respuntar soños con verbas, seguir a baleirar deste xeito a alma...

esfianada

Alba Cid Fernández

“Non deixes que veña o desconcerto
a conxelar este medo”,
dicía a nena,
coas mans tan abertas
coma quen xa deixou as rendas da vida
esquecidas en mans alleas.

Berraba un “non deixes...”
que descarna un poema,
coma esa ferida que abre novamente.

¿Quen ten o retrato do terror,
os contornos das horas pechas
e a inmundicia a bater decote
na tenrura asasinada?

Ela tamén
é unha refuxiada
nunha gaiola de ferro.
Coma unha andoriña
co niño esgazado.
O niño... e os soños.

Día tras día, han de vir novas terribles,
ela xa debería ler...
pero non. Foi a vida... roubándolle a nenez.
No entanto, descifra a prensa diaria
nas bágoas de mamá.
Na sombra terrorífica dunha fronteira
que se fai pedra
en corazóns metálicos, mustios.

Os segundos alí son
un ronsel de saloucos.

Ela tamén
é un anxo mancado
nunha nube que é o maquillaxe da guerra.
Coma un solpor grisento
nesa cadea de ferro e lume.
De lume... e penas.

Alí onde a esperanza xa queima nos dedos,
non hai menciñas para a nada.
Ela entende que as balas
son ese feixe de canicas de lume
coas que os malos xogan.

Agora xa non vive na casa das
fiestras grandes.
Nin as precisa.

O horizonte é un camposanto
de espellos rotos.
Fragmentos dunha miseria conxénita.

¿Pode alguén esgazar os mapas,
e esa metálica e fatídica ilóxica
que apodrece tenros diarios con días endiañados...?

Ela tamén se encarga
de adormecer a lúa
neses ollos que son faros.
Coma dúas esferas cor ámbar,

dous cristais que sempre repenican
aquela chuvia da patria que xa non os bica.

Na cacharela, alumean almas dobregadas,
acenos humillantes, sumisións e despezos...
Ao igual que han de vir novas... ominosas,
chegará a hora das cinzas.

Ela, percorre a aramiada coas manciñas...
trémulas...
como se a espise do ferruxe da tristura...
Mentres soña descubrir
neses xogos ceibes que nunca probou,
as gándaras harmoniosas dun universo que “quizais”
aínda exista...

Gardo unha lembranza:
un anxiño coa ollada fixa no infinito.
O telón de fondo
que cobre as miserias humanas
é aquel corpiño feble
no que ondeaba un vestido malva,
coma unha bandeira destinguida.

As bandeiras pasan,
mais nunca as aramiadas.

Corpiño lene,
Bandeira esfiañada.



Isabel Oliver González

Isabel Oliver González nace en Valencia, el 18 de mayo de 1951. Es diplomada en Derecho Tributario y Asesoría Fiscal. Poeta y ensayista. Publica sus artículos en los periódicos Levante, Las Provincias, El Mundo y Diario de Valencia.

Autora de dos novelas, tiene dos libros de poema publicados. Incluida en varias antologías, su poesía ha sido traducida al inglés y japonés. Su primer libro, 1986, "Veinticinco poemas de amor y una canción desengañada", es utilizado como libro de apoyo por diversos profesores de la Comunidad Valenciana; por la belleza, sencillez y musicalidad de sus versos.

En la poesía religiosa destaca su "Llanto agnóstico de Cristo"; compuesto con motivo del evento valenciano "La Luz de las Imágenes" e incluido en la colección "Camino de la Palabra" de la Fundación Max Aub de Segorbe, de la que es miembro. En el 2005 se publicó en el libro anual que edita la Junta Mayor de la Semana Santa Marinera; y su lectura tuvo lugar el Jueves Santo, en la Parroquia de Ntra. Sra. Del Rosario, dentro del acto escenificado del "Juicio a Jesús". Este año la Junta Mayor de la Semana Santa Marinera ha incluido en su libro el poema "Pasión gnóstica de Cristo"; escrito por Isabel para esta ocasión.

Entre otros premios cuenta con el de Internacional de poesía; EEUU y el Premio Periodístico de Castellón.

En diciembre del 2005 ha obtenido el primer premio de poesía navideña en Castellón.

Participa los viernes en el programa radiofónico "un Libro, un Personaje", del que es además la Secretaria de Dirección.

Es la Vicepresidenta de la asociación cultural Poesía del Mediterráneo.

Criada cerca de la casa de Vicente Blasco Ibáñez, pronto despertó en ella el interés por la obra política y literaria del escritor. En el año 2000 ingresa en el Partido Republicano Autonomista. Al poco tiempo es nombrada Secretaria de Imagen y Comunicaciones, y desde el año 2002 es además Presidenta del Ateneo Blasco Ibáñez, entidad que recoge el ideario cultural blasquista.

En el año 2004 el Partido Republicano ingresa en Coalición Valenciana; partido político valencianista que aspira a restablecer el foralismo en Valencia, del que Isabel es miembro del Consejo Regional.

Está prevista su inclusión en el tomo XII de la "Gran Enciclopedia de la Comunidad Valenciana" que se está editando en Valencia.

de Ébano

Isabel Oliver González

La noche está propicia. Luce un rango estrellado.
Luciérnagas suspensas en un manto alejado.
Un motor, cuatro remos, veinte ojos mirando
a un horizonte nuevo: a un destino forzado.
Y, entre ellos, dos lunas y una mujer de ébano.
Viajeros de equipaje dotado de lo puesto.
Ella aprieta sus manos sobre su vientre inmenso,
Y desliza suave el arpa de sus dedos.
Diez gaviotas entonan la Nana de los Vientos:

“A la nana mi niño
mi niño negro
que te mece la barca
del mundo nuevo.

No temas niño
que te guarda la fuerza
de mi cariño.

A la nana mi niño
mi niño bueno
que nacerá en España:
es mi deseo”.

Las dos lunas de su cara cabalgando el universo:
periscopios de esperanza, verdes del sol y de sueños.

¿Habrá un sitio para mí, aunque sea muy pequeño
allí, donde el horizonte alcanza a besar el cielo?.

¿Qué poderosas columnas los dioses allí pusieron
que no lo dejan caer ni empujándole los vientos?.

¿Habrá un lugar para él donde no le metan preso
por pedir pan, libertad, igualdad y algún respeto?.

¡Sueños de azabache, negros, como las crines del miedo!.

¿Habrá un oasis de paz aunque sea muy pequeño,
palmeras con leche y miel, con chocolate y pan tierno,
donde yo pueda apoyar la escalera de mi esfuerzo,
y alargar sólo la mano para dar a mi pequeño
un pedazo de igualdad, de saciedad y contento?.

¡Abanico de deseos, que no pasarán de serlo!.

¡Sueños de color morado que lucirás en tu cuerpo!.

El mar tejió su trampa de puntiagudo encaje.
Cantaron las sirenas en mudo regocijo.
Un pacto de arrecifes selló la madrugada
bailando con las olas el himno de Neptuno.
¡¡Mujer de ébano, leve, liviana, desvalida!!
¡Juguete del capricho del dios del elemento!
Nadie escucha tu grito de espuma en la garganta;
ni el llanto de tu vientre, mientras te zarandea
un látigo invisible que ha pagado ya el precio
de tu último aliento a tu esperanza última....
Te acoge la mañana con un beso amarillo,
Y Morfeo te mece en inútil intento.
Tus ojos se han bebido el agua del Estrecho;
los transitan atónitos el espanto y el miedo.
Ya tu cuerpo amortaja tus veinte años muertos.
Y, ya, sobre tu vientre diez gaviotas guardianas
enmudeció su acorde de caricias tempranas:
el arpa de tus dedos olvidaron su nana.



Francisco Rozadas "Rochi" (Forcarei, 1963)

Licenciado en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago (1986) e Axente de Desenvolvemento Rural.

Xerente do programa de Desenvolvemento Rural "Leader + Montes".

Fundador e Coordinador da revista cultural "COTAREDO"

Colaborador da Voz de Galicia na edición Deza-Tabeirós-Montes, coa columna semanal "A Balada do Candán".

Colaborador do Faro de Vigo na edición Deza-Tabeirós-Montes, coa columna semanal "Ecos Mettacios".

Concelleiro de Cultura do Concello de Forcarei desde o ano 1999.

Autor dos textos e da coordinación da páxina web "Forcarei.net"

PUBLICACIÓNS:

"Forcarei, no berce do Umia e do Lérez" (Concello de Forcarei, 1992)

Guía "Terra de Montes" (Everest, 2000)

Libro de relatos "Memoria de Trasdомonte" (Edicións Ferverza, 2003)

Biografía "Chano Piñeiro" (Edicións Ferverza, 2003)

Revista Cultural "Cotaredo" (Concello de Forcarei, edición anual)

Coordinación de "Forcarei. Historia fotográfica do século XX" (Deputación Provincial de Pontevedra, 2005)

Asesoramiento lingüístico en "Muñíos Tradicionais en Pontevedra", documental de Federico de la Peña Santos

Asesoramiento lingüístico en "Amelia de Terra de Montes", docudrama de Federico de la Peña

Asesoramiento lingüístico en "Os Froitos da Pedra", docudrama de Federico de la Peña

Coautor (con Bofill) da Biografía en banda deseñada (comic) de Avelino Cachafeiro, o Gaiteiro de Soutelo (Faro de Vigo, 2001)

Coautor (con Bofill) da Biografía en banda deseñada (comic) de Chano Piñeiro (Faro de Vigo, 2001)

Premio "Camilo José Cela" de Narrativa (2001) –XII edición– pola narración "Unha campá na congostra de Rebordecho"

Premio "Reimóndez Portela" de Xornalismo (2001) –VI edición– pola colaboración xornalística "Ler ou non ler, esa é a cuestión", publicado na Voz de Galicia.

2º Premio "Anxel Fole" de Narrativa (2006) –VIII edición– pola narración "A Muller que non comía".

Premio "Manuel Oreste" de Narrativa (2006) –XI edición– pola narración "Raiolas no faiado".

Premio de narración "Concello de Marín" (ano 2006), pola narración "O Empeine".

Premio I Certame de Novela Curta "Xoán de Cangas" (ano 2006) coa novela "O transparente, cronosérico e omnígloa segredo de Don Amaro Loureiro e a súa alma perdida e recobrada".

Máis datos sobre min na páxina web Biblioteca Virtual Galega:
http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=FraRozad1&alias=Francisco+Rozados+%22Rochi%22&solapa=biografia

no faiado

Francisco Rozadas "Rochi"

RAIOLAS NO FAIADO

...é un ser cunqueiriano daquela época incerta e feliz na que os animais falaban e os homes gardaban no faiado raiolas de sol, retais de vento e anacos de soños.

Anxel Vence

Seino. Seino ben que estou tolo, aínda que, como tamén ti sabes, din que os verdadeiros tolos non saben que están tolos. Eu seino, ben prezado amigo Antón. Tolo coma unha caldeireta. Sinto bruar na cabeza coma se tivese aí metida unha boa morea de cachifallos cheos de ferruxe e imposibles de baleirar. Pero heiche dicir que prefiro estar tolo, porque deste xeito nunca ficarei só: teño xente na cabeza, moita xente. E teño tamén o tempo metido dentro, como nunha gaiola fermosa. Por iso o lembro todo. E por iso ti me apremas para que che conte aquela vella historia do crego don Matías e do mestre don Mauricio. Si, xa o sei, xa sei que tan só teño que ceibar o paxaro da memoria. Non me ha custar moito lembrarcha sin faltar nin un si nin un non. Dispón a orela. A cousa foi alá polos anos da guerra. Monteval, o lugar onde viviamos, era un val tan longo e tan encovado entre montañas, que se ceibabas un berro á noite, cando te ías deitar, escoitabas o eco cando te erguías ó outro día. Eu, Adriano Ferreira, sobriño do crego don Matías, o crego de San Martiño de Monteval, tiña entón uns dez anos. Tantas falas tiven con el e con don Mauricio que aínda hoxe é o día no que me seguen a dar consellas – na miña cabeza, claro – a pesar de teren morto hai xa ben anos. Ben sei que tes un desmedido empeño en coñecer o asunto de primeira man. Cóntoche.

A alma dos homes, amigo Antón, pode caer en cavorcos insondables. A nosa guerra civil foi un enorme foxo onde case tódalas paixóns boas dos homes quedaron soterradas. De certo, eu non crería na humanidade se non fose polo tío. Para mellor dicir, non por don Matías, senón polo que el foi quen de facer no trinta e sete. Saberás que non son sospeitoso de caer en mexericadas polo crego, que a min o debandar do tempo foime convertendo nun agnóstico de prognóstico, pero o que fixo o meu tío, se me permites a expresión, foi a fazaña dun crego con dous collóns coma os badalos das campás da Berenguela. Hasme perdoar o mal falar, e tamén as digresións. Non as podoo evitar, tírame para elas a moleira. As digresións son coma pequenos

pousadoiros, xa o dícía o meu tío, que era moi lido, e sabía latín. O meu tío sabía latín canónico e latín dos canteiros, porque el fora aprendiz de canteiro antes ca crego, e nese tirocinio, que aínda durara uns cantos anos da súa adolescencia, aprendera a intervar e ghalruar naquela fala críptica e gremial. Precisamente, nesa xermanía, os canteiros máis vellos chamábanlle “O Morrón”, que quere decir “O Rapaz”. Díciache que era moi lido, e invocaba moito a Séneca: “Otium sine litteris mors est et hominis vivi sepultura”. ¡Que razón tiña o cordobés! ¿de que serve o lecer sen lectura, sen cultura? Eu saínlle ó meu tío, lin moito. Así toleei, pero bendita tolemia, que me repoboa a cabeza tantas veces como preciso.

O tío tiña un criado con voz de asubío, voz choromiqueira e fungallona de esmoleiro. Cando chegara á casa traía barbas suxas e pelaxe vella, e don Matías acollérao coma o malpocado que era, do mesmo xeito que despois acollería a don Mauricio, o mestre castelán de pasos lixeiros e harmónicos que arribara a Monteval fuxindo polos montes para que non o collesen os falanxistas e maila garda civil, que o perseguían desde que fuxira do cárcere de Ourense – onde estaba a poñer escola-, despois dunha carambola de sorte. O criado chamábase León, e a min, de neno, divertíame moito, porque era un verdadeiro artista pasando, co cabo da lingua, a cabicha do cigarro dun extremo ó outro dos beizos, para onde menos lle amolase segundo fose o labor que estivese a facer. Despois pestanexaba moi lixeiro para eludir o fume. León adoitaba a dicir que el só lle pedía a Deus miúdo de cobre para un vaso, un pito e un codelo de pan de millo gráudo para enganar o bandullo. León tiña voz fungallona, non sei se cho dixen. Se cho dixen perdoa, que perdo a conta das cousas. Das de antes non me esquece nin a primeira, pero das de agora... Hache ser da cabeza. Téñoa tan chea que, por veces, mesmo escoito as badaladas narnexas do campanario sen que soen. -¿A que toca?. -Se non tocou. - Pois eu escoiteino. - Pois non. Xa ves, ás veces tamén escoito ecos, lonxanos coma a voz dun pesadelo. Esto da vellez éche coma ter unha lousa enriba dun. Vaia, algo, algo... tamén che é da loucura, pero todo axuda. Ó que iamos. O crego, meu tío, era boa xente, que nunca lle negou un codelo a ninguén, non sei se me entendes... E non era tampouco deses comesantos que mexan auga bieita. El ía á taberna e xogaba ó truco cos fregueses, bebía un tinto coma calquera e se algún xuraba ata llo perdoba sen confesión. ¡Con dicirche que mesmo non lle tiña en conta a don Fermín, o boticario, o putañoiro que era!. Don Fermín ía ás putas á capital, a casas de confianza, que non era cousa de andar xogando coas doenzas do carallo con rameiras de a patacón. A don Fermín gustábanlle as mulleres abundantes, señoronas, que tirasen a unha mestura de virago e matrona romana, e ata que botaran algún peido de cando en vez. Se iso ocorría, el ría coma se rematase de escoitar a mellor gracia do mundo. Ría á boca chea, ata que lle caía, pola comisura dos beizos, un escumallo branco que bulía en

secar co pano. Tiña por adoito recitalles ás xoscas pasaxes do cantar dos cantares de Salomón:

¡Qué hermosa eres, amor mío,
que hermosa eres!
¡Tus ojos son dos palomas!
¡La verde hierba es nuestro lecho!
Los cedros son las vigas de la casa,
y los cipreses, el techo que nos cubre.

Don Fermín gastaba bragueiro por unha hernia inguinal que o traía a mal traer, e calzaba uns botíns, sempre cincentos, confeccionados nunha casa de sona, que lle daban un aire de chanceler. E que saque tiña, o animalíño. Tragaba coma un bispo na festa maior. En cambio, os arrieiros de Lobelle, nos amenceres da inverniá, cando se erguían e ollaban o mesto sudario de neve que cubría a paisaxe, almorzaban pouco: anaquiño de pan e copa de caña, ou anís e bica os máis desprendidos, e, ó cabo, un pito de tabaco picado. O augardente non era por vicio, que cumpría as veces de calefactor. ¡Que vida cadela a de antes!... ou non, depende por onde se mire.

Nunha ocasión, na festa da patroa, un crego feito á vella usanza que estaba a confesar á xente mentres o meu tío dicía a misa, negoulle a absolución a un fregués porque este non fora quen de lle asegurar que nunca máis diría “me cagho en diola”, expresión de rutina que tampouco tiña, maiormente, por blasfemia. Cando don Matías se enterou, colleu polos tafarros a aquel crego e espetoulle: “vostede ama tanto á Igrexa que a mata, igual cá galiña que pisa ós seus pitos e os esmaga. ¡Deixe ese pietismo descarnado e inhumano!. ¡Deixe vivir á xente e non faga de inquisidor!”. Así era tamén ás veces o crego, de xenio vivo, pero xusto, xa digo. E... ben ou mal, na súa casa nunca faltaba unha cunca de caldo para o que chegase de fóra. Alí estaba, verán e inverno, chovese coma quen a envorca ou nevase sobre sombra, Adelaida, a ama do crego, a quentar a caldugada, paciente coma as arañas, en contraste co bailanacriba de León. E así chegara o mestre don Mauricio, máis morto ca vivo, un serán de xaneiro do trinta e sete no que o vento curtaba coma unha folla de barbear. Eu lémbroo ben, que estaba a darlle a lección ó meu tío onda a lareira cando o mestre chegou. Viña de parte dun amigo do tío que se chamaba Roque, pero a quen todos chamaban o Medio Sabio. A xente coñecía así porque seica lle falara a súa nai desde o ventre antes de ter nacido - ¡cantas parvadas cría a xente daquela!-. Roque, o Medio Sabio, sempre fora medio irreverente e dado ó sacrilexio, pero co meu tío levábase ben – claro que co meu tío levábase ben todo o mundo-. Cando Roque era cativo, botáranos da escola porque, no nacemento que os nenos confeccionaban polo nadal axudados polos mestres, nun descoido, chantáralle uns cornos de papel de prata á figura do San Xosé. Co meu tío, xa digo, levábase ben, aínda que nunca falaban de relixión nin de política. Don

Mauricio sempre lle agradecería ó meu tío todo o que por el fixo, que non foi pouco. Anos despois, cando eu lle tiven que dar a nova da morte do crego, don Mauricio chorou a fío.

Desde o día que entrou polo limiar da casa do meu tío, don Mauricio foi un máis da casa. E había ser o que xerarse en min, ademais do crego, esta ansia de coñecemento que sempre tiven e que rematou por me tolear. Ás veces, amigo Antón, non sei se vivo ou se estou dentro dunha nube. Así che é a confusa mecánica dos soños que me envolven. Seméllame que teño requexo nos meolos. Os meus pensamentos sonche coma a engrenaxe dunha noria, sempre a dar voltas ó ritmo lento e amoucado da vida. Nada se me perde xa, por eso vou a paso de burro canso...

Ben, como che dicía, don Mauricio asentou na casa do noso crego, e desde aquela foi el quen tivo a misión de facer de min un homiño preparado. Dou fe de que loitou aquel home coa miña burricie primeira, pero tamén de que, á fin, foi quen de tirar proveito de min. No preciso, aínda que desgobernado, arquivo da miña doente cabeza gardo aquelas doces tardes de primavera infantil, a parsimonia elegante e diplomática con que me adoutrinaba na sala grande da casa do tío e, alá fóra, os prados arrolando o silencio do serán ata que a escuridade ía matando o día preguizosamente. O mestre vivía nunha enciclopedia, pero o seu era un saber vivo e curioso.

Mais foron chegados tempos duros, tempos de inqueda e de inseguridade. Os elementos máis feroces da Falanxe da nosa bisbarra debéron de ter novas –ou sospeitas– de cómo chegara o mestre á aldea e, pouco a pouco, os días volvéronse perigosos para don Mauricio. Foi entón cando matinou que era mellor desaparecer. E desapareceu, pero só dos ollos da xente de fóra da casa. En realidade, o que fixo foi pactar co crego o seu illamento nun lugar da rectoral onde ninguén suporía que puidese morar alma humana. Ese lugar foi o faiado. A partir dese día, eu seguí recibindo a súa enriquecedora doutrina, pero era a un tempo cómplice dun segredo que nunca, nun sequera na miña mente de neno fedello, se me deu por traizoar. O noso templo do saber pasou a ser aquel faiado.

Ás veces un busca solucións, e non as hai, porque son parte do problema, Antón. Non se trata de branco ou negro, senón dunha esvaecida e entramada gama de grises. Mira, na Alemaña medieval, cando lostregaba e tronaba moito de noite, tanto homes coma mulleres sacaban o cu pola porta dianteira da casa, coa esperanza de se defenderen dos malos espíritos e tornar que non caese un raio. Pensaban así solucionar o mal que lles podía vir enriba das súas vidas. No negro tempo, na longa noite da que eu che falo non había ensaio de exorcismo que valesse contra as forzas do mal, e ti xa sabes de cales che falo. Era por culpa deses homes que nacen da semente que agroma na primavera dos monstros, feras humanas máis salvaxes cós mesmos lobos, homes que gustan de andar de noite, á espreita, á caza do home, á busca de mortos sobreesidos que ninguén poderá botar en falta, alomenos

coa boca grande, a risco de seren eles os próximos candidatos á boca negra das pistolas. E, aínda os que máis inofensivos semellan, non coñecen a compaixón, non saben o que é a piedade – un lobo sempre é un lobo, aínda que nunca comera unha ovella-. Eses eran os homes que condenaron a don Mauricio a se soterrar en vida. Nunha ocasión alguén deses debuxou un cadalso cun aforcado en tinta negra. Como lendas, estas palabras: “final de Pepe do Outeiro, ¿193...?”. E fóronllo pendurar da porta do interfecto. Lémbroa ben, a noite aquela, coa lúa arrodeada por unha coroa avermellada, cun halo sanguíneo. A lúa dos asasinados. O malo é que nunca se equivocaban, eran certos. Pepe do Outeiro protestou en público, falou cos veciños, pero a reacción adoptaba ás veces xeitos moi afiados. Atopárono morto unha mañá, cun coitelo chantado nas costas. Como rezaba o pasquín, non pasou de 1938, cando eu tiña os once anos cumpridos. Foi pola morte de Pepe do Outeiro cando comecei a me dar conta da vida, cando comecei tamén a pasar de neno a home – naquel tempo érase home antes de lle saír a un o lambizo-. Din que a infancia remata cando un cae na conta de que é mortal. A miña infancia rematou naquela luctuosa data.

Eu adoitaba agardar, tralo almorzo na casa do meu tío, a que se vira a raiola de sol que saía da porta do faiado. Ese era o sinal de que don Mauricio estaba esperto e preparado para me adoutrinar. O tío facíame erguer dúas horas antes para ese labor, que despois tanto me valía na escola da vila, a do mestre don Rufino, un leilán que non sabía esperto o que don Mauricio sabía durmindo, que nin mestre era, pero que tiña o mérito de ser o esbirro máis mingamona e servil do cacique de Monteval, don Ramón.

¿Lébraste, amigo Antón, do mudo de Valamor, aquel que cando estaba chupado era quen de aturuxar, malpocado, subido nas puntas dos pés?, pois o peideiro de don Rufino veuno un día, bébedo como ía sempre, e sacudiulle unhas lufiadas diante de toda a xente que andaba pola praza. ¡Que home ruín, carafios! Tiña a alma amarga coma o piorno. Pois aquel zoupeiro sería o encargado de trazar o meu destino se non fose pola sorte que tiver de que me acollera no seo da súa sabencia o bo de don Mauricio, aquel “ausente” tan presente na miña vida. O peor é que eu non lles podía contar ós meus compañeiros o que aprendía del. Tiña que gardar tanto coma o segredo de saber que don Mauricio estaba na casa do meu tío, acubillado duns homes que cometían actos verdadeiramente aterrecedores. A guerra, seguro que xa cho dixen tamén, é un enorme foxo. Un foxo onde só cabe a vesania, por grande ou pequena que esta sexa, porque non deixa sitio para máis. Hai tempos nos que as canas se volven lanzas. Daquela, o medo convérsese na andamiaxe interior do home. A guerra, amigo Antón, a guerra é unha profesión para algúns, unha profesión que consiste en sementar co fígado, o corazón ou a moega do inimigo os campos de batalla, e en orgnizar Apocalipses de merda en proveito propio sen lles importar un can que baixo o sol, cheo aínda de peixes nos ríos, de paxaros nos niños, de lebres nos

sucos, de semente nos campos e de pobos case baleiros, apodreza a súa propia alma.

Aquí case non houbo guerra, non houbo grandes batallas coma noutros lugares, pero a verdadeira guerra estaba na retagarda, na soidade cotiá dos indefensos. Houbo xente raposa e infame que aproveitou para se desfacer dos inimigos con calquera artimaña, homes ingratos coma os alacráns, coa alma apodrentada. Ata eu fun testemuño dunha desas atrocidades que a memoria non perde cos anos. Había un home na nosa propia aldea, coñecido por Xan de Mingos, que era da pel do demo. Xan era moi inqueda, un escoitagrilos, e tiña algo do ollar da ave de rapina, as cellas leñosas e o corazón escuro coma a boca dun lobo. Nunca saía da casa sen a súa pistola. Contra el tiñame moi advertido don Mauricio, que o coñecía de antes do seu exilio no faiado. Xan de Mingos era, xa digo, ruín e arteiro, e amañoouse para se desfacer dun veciño a quen lle quería roubar a moza. Unha noite na que o vento bouraba desenfreadamente, abaneando as matogueiras e as mirradas árbores, unha desas noites nas que, sen querer, ollas de esguello o oco negro das fiestras, Xan saíu atrás de Bieito da Chaira, que así se chamaba o veciño, sen que o tal sospeitara nada. Bieito ía tornar a auga a un dos prados da Revoltiña. Conforme se ían achegando á presa do muíño do Bugallo, o Xan íriase acaroando tamén ó corpo do Bieito seguindo o candil que aquel levaba para se alumear, e de seguro lle pediría amparo e compañía. Estou por xurar que lle dixo que el ía tamén tornar a auga a outro dos prados daquela paraxe. O certo é que cando estaban riba da presa do muíño, sen máis, empurrouno dun golpe para que fose caer xustamente no cubo e non lle fose doado erguerse. Aínda así, o Bieito tentouno e estivo a piques de se remexer para volver á canle, pero a pistola do Xan rachou entón a noite, de xeito que o Bieito morreu medio afogado e medio desangrado. Eu estaba aquela noite no muíño, onde fora buscar uns saquetes de fariña milla que deixara Adelaida, porque a pobre xa non podía moito con toda a muiñada da tardiña – entón eu non tiña medo á noite ata que pasou precisamente o que che estou a contar-. Olleino todo e estremecín, coma se alguén me cravara as uñas na alma, pero non puíden dicir nada, porque o Xan tamén me ollou despois a min, e como Xan era amigo de don Rufino e de don Ramón, entre os tres me acobardaron para que nada dixese e, ó cabo, tiven que calar se non quería eu tamén dicirille adeus a este mundo. A lembranza daquela noite aínda me esperta de cando en vez ensopado nunha suor fría, despois de tantos anos como pasaron. Homes coma Xan de Mingos habíache uns poucos naquel tempo. Lembro tamén outra das infames vinganzas que tiveron lugar por aqueles anos de ruindade e renartería. A Valente, un mozo ben parido, lizgairo e intelixente que moraba na veciña aldea de Valadares, e que cometera o único pecado de ser afecto a “Izquierda Comunista de España” e, máis tarde, ó POUM, tamén o pasearon. Pero non contentos con arrebatarlle a súa

fermosa e xove vida, curtáronlle a cabeza e espetárona nun pao para amosala a carón dun carballo da congostra. Valente tiña un irmán pequeno que nacera para cantar, tiña unha voz pura e tenra coma a dun anxo. Seino porque viña cantar ó coro da parroquia do tío. ¡Había que escoitalo! Parecía que lle encollía a un a tona maimiña do corazón cando entoaba o Ángelus. Pois nunca máis, desde a morte do irmán maior, volveu cantar unha soa nota. Deuse ó silencio e caro lles custaba ós seus pais arrincarlle algo que non fosen monosílabos. Á aquela congostra na que aconteceu este feito chamárona dende entón os veciños de Valadares “A congostra da cabeza do Valente”. Dos que acometeron este feito vergoñento e inhumano nunca nada se soubo, pero a memoria das dúas aldeas murmurou sempre dos que todos sabían que gozaban con semellantes orxías de sangue.

En Souteliño, outra aldea da redonda, meteron preso a un home, novo tamén, un canteiro, por aparecer afiliado ó sindicato cenetista. Cando estaba no cárcere, no que botou ata o ano 1947, escribía á casa no verbo, no latín dos canteiros, para que non lle fosen descubertas as cousas que o podían comprometer a el ou á familia. Unha das cartas que eu tiven oportunidade de ollar, da súa propia man, dicía na posdata: Xebo do moi, jálrelles xidamente ós carillas do moi que xaren lonxuborio dos rangas. Nende corruña achiscarse das escarricoas que paran terrajeiradas na verduleira, adelartes que llastan os rangas atisbar á ciba. Que vobis llasta xidamente e...¡Frasca pro Manés Andión dos batoques!. O que viña dicir aquel pobre era: Meu pai, aconséllelles ós meus irmáns que se manteñan lonxe da garda civil. Non esqueza desfacerse das escopetas que están escondidas na horta, antes de que vaian os gardas cheirar á casa. Que vos vaia ben e...¡Merda para o Xeneralísimo dos collóns!. Este home vive aínda hoxe, non moi lonxe de nós.

Historias coma estas hainas, Antón, a centos, e historias coma a do mestre don Mauricio, aínda que che semellen insólitas, tamén ocorrían en tódolos lugares do noso país. Homes que pasaron ata dez e quince anos agochados, secretos nun recanto indecente e infrahumano das súas moradas, aspérrimas e miserables de seu. Alomenos neso, don Mauricio tivo máis sorte. O seu habitáculo era espacioso, amplo coma para levar unha vida máis digna. O mestre permitíase mesmo escoitar música nun gramófono que o meu tío tiña no faiado. Arriscábase, dese xeito, a que os hermosos sons de Euterpe non lle permitisen decatarse se chegaba á casa alguén dos que andaban na súa percura pero, aínda así, prefería xogar a vida antes ca renunciar ó pracer de poder escoitar os nocturnos de Debussy, as suites de Grieg u, sobre todo, o adagietto da quinta de Mahler, o seu predilecto. Agora é tamén xa unha das pezas mestras da miña vida. Non sabes o pracer que me causa sentarme nun recanto e escoitar ó vello romántico, ó tempo que a nostalgia, axudada pola maxia da música, vai remontando o meu espírito a aquel faiado da infancia, o faiado das raiolas de sol de don Mauricio. Tamén lembro os saborosos almozos que me facía Adelaida. O sabor daquel leiteño e o das

chulas que me preparaba a ama aínda perduran no meu padal, esa extensión proustiana da memoria.

Houbo outro caso que me encheu de perplexidade. A un home chamado Pepe da Revolea fórono buscar á súa casa para fusilalo, e o pelotón que o fusilou non debía estar moi sereo, porque só tiñan que fusilar a dous aquela noite, e ós dous os deixaron por mortos cando Pepe só tiña unha bala metida nun ombreiro e o outro nen sequera unha rabuñadura. Eles, claro está, deixáronse caer coma se fosen alcanzados por unha refolada de balas. Os homes que quedaron de garda entretivéronse bebendo e, cando se quixeron dar conta, os dous “mortos” fuxiran polas hortas de arredor. Ó compañeiro de Pepe detivérono ó pouco de saíren, porque non daba avantado debido a unha coxen que tiña desde cativo, pero Pepe foi quen de fuxir e de se agochar onde non pudieran dar con el nunha tempada. Anos despois, cando levaba alomenos trinta anos en Caracas, atopouse un día de fronte con un dos seus frustrados verdugos. Díxollelo ós seus fillos, e os seus fillos díxéronlle que querían darlle morte, pero Pepe coutounos dicindo que iso non ía con el, e que se facían iso os seus fillos estarían esperando o intre no que se vingaran pola morte do seu pai, e que nunca tería fin aquel asunto ó que eles querían dar comezo, así que era mellor esquecer todo e que a providencia reservara para cada un o seu destino.

Todas estas historias que che conto, amigo Antón, son reais coma a vida mesma, e o que é peor, coma a morte mesma. Xa sabes o que sobre a morte dicía Resnais. El chamábaa o país a onde se chega cando se perdeu a memoria. Naquel tempo o home parecía condenado a ser unha illa rodeada de desmemoria. Dunha desmemoria produto do medo ou de escuros intereses, ou de ámbalas dúas cousas. Din que detrás de cada ser humano hai trinta fantasmas. Seica é a proporción entre os vivos e os mortos que nos precederon na viaxe sen volta. A min perséguenme máis de trinta, estou case seguro. Pero imos ó que imos, Antón, porque sei que a ti che interesa saber que foi dos nosos dous protagonistas, de don Matías e de don Mauricio. Estamos chegando ó final. Ti sabes coma min que no tempo da guerra, os homes de Monteval estaban, case todos, traballando nas minas do wolframio, e case todos afiliados a algún sindicato. Os que non traballaban nas minas tiñan de abondo coa labranza da casa, e tamén andaban metidos nas sociedades agrarias. Por fas o u por nefas, a meirande parte dos homes da aldea foron acusados de subversión contra a España que xa comezaba a exercer de vencedora e nomeados candidatos ó inxusto axustizamento. Chegou un día á praciña da igrexa un camión que tiña a escura misión de conducilos ó seu infortunado final e foron subidos a el a golpe de culata. Cando o camión cos morituri estaba a piques de botar a rodar, Don Matías pediu axuda a un dos seus veciños para saltar á caixa do camión e introduciuse no medio deles. Ó chegaren á Costiña, na capital da provincia, o Calvario onde fusilaron a miles de infelices, don Matías baixou con tódolos demais. Alí, para dar conta da

vida dos nosos veciños, estaban xa prestos os homes do pelotón, co corazón quente, a cabeza fría e as mans limpas; homes que disparaban coma robots, coa ollada baleira e un brillo cadavérico nos ollos. A don Matías faltoulle tempo para se dirixir ó xefe do grupo armado e dicirlle que, se ía dar a orde de disparar contra os seus veciños, o fusilasen antes a el porque os homes que alí estaban, aqueles homes ós que lles ían arrebatara a vida, eran tan boa xente coma el. Fícaron en liberdade e salvaron a vida todos, e todos viñeron de volta chorando e abrazando a don Matías, que tamén choraba coma un neno. Isto fixo o crego con setenta e seis anos. Pola súa banda, don Mauricio puido saír á luz cando se foron apazugando os lobos, aló polo outono de 1947, e volveuse á vila onde nacera.

Un dos homes ós que o crego librou da morte foi Antón Hermida, loitador social e político e un dos pioneiros do asociacionismo na provincia, que fundara a “Sociedade Agraria e Gandeira” no ano 1901, e maila “Sociedade de obreiros e campesiños de Monteval” no 1917. Chegara a tratar a Basilio Álvarez e mais a Pablo Iglesias, e tamén fóra tenente de alcalde de Monteval cando a segunda República. O feito de que don Matías lle salvara a vida a este home foi mesmo causa de vergoña para algúns xefiños –Cérberos da falsa moral, que non deixaban de acirrar ós seus superiores na cadea de mando para que se rematase dunha vez coa aldraxe de ver vivo ó Antón despois da turbación que este lles causara coa súa oratoria anticristiá e a un tempo sinal de forza do exemplar carisma do tío, que poucas veces gustaba de exercer a súa autoridade de Arcipreste, pero que nesta ocasión crucial amosou a suficiente para atuirle a larapeta a máis dun cacicón, poñéndoos no seu sitio e avergoñándoos polo pouco que eles sabían do verdadeiro significado da palabra cristiá. Agora xa podes imaxinar, amigo Antón, por qué o meu tío foi e segue a ser tan aprezado aínda trala súa morte, e por qué don Mauricio, o meu eterno mestre, chorou a fío cando eu lle dei a nova da súa morte, a morte do “Morrón”, o crego canteiro, no ano 1950. Don Mauricio morrería vinte e tres anos despois na vila castelá onde nacera e se benciara. Se fose verdade que existe o ceo, alí estarán os dous agora falando no latín dos canteiros, xogando ó truco e escoitando a Mahler, de paso que dan conta dun bo ribeiro e ventilan un bo habano.



Juan Lorenzo Collado Gómez

Juan Lorenzo Collado Gómez, natural de Albacete. Es graduado social y compagina su trabajo en Caja Castilla La Mancha con su afición literaria. En 1997 escribe su primer cuento que resulta premiado en un certamen y con ello se inicia su actividad en el apasionante mundo de las letras.

En marzo de 2002 se publica su libro de relatos titulado "Aire". Es miembro de la Asociación Cultural "Alcandora".

Ha obtenido diversos premios literarios, tanto en prosa como en poesía, entre los que se encuentran: Molino de Viento de la Bella Quiteria de Munera (Albacete), Corpus Christie de Camuñas (Toledo), At Fontes de la Cueva Negra en Fortuna (Murcia), Hucha de Barro, Fiesta de la Vendimia de Requena (Valencia), Castillo de Chinchilla (Albacete), Poetas del Ebro en Amposta (Tarragona), Helenides de Salamina (Cáceres), Federico García Lorca en Barcelona, el premio de poesía Vinos de la Mancha en Alcázar de San Juan (Ciudad Real), finalista del Certamen de Relatos Max Aub en Segorbe (Castellón) o el certamen de relatos de Medicus Mundi en Asturias.

En septiembre de 2004 obtuvo el premio "MANUEL DÍAZ LUIS" de novela en Monleón – Salamanca.

PLURIEMPLEO

Igual que mi amigo Ramón daba clases de matemáticas, Paulino era mecánico o Julio cajero de un banco, yo aprendí la profesión que me deparó una casualidad, y, de paso, a capear los temporales que un día sí y otro también formaban parte de la misma. El caso es que en mi impaciencia por intentar encontrar un trabajo que liberase a mis padres de la pesada carga de darme dinero o de que Puri, mi novia y licenciada en económicas que sólo había encontrado trabajo en una tienda de moda, me invitara, estudié las posibilidades de encontrar uno en las páginas de demanda de empleo del periódico local.

No había muchos puestos de trabajo adecuados a mis estudios como economista pero siempre podía encontrar alguno como comercial, vendedor de pisos, paseante de animales domésticos, guarda nocturno de obras y alguna otra cosa por el estilo. Colgué mi flamante título universitario en mi habitación y dediqué mi saber a los trabajos que el destino pusiera en mi camino, y ya habría tiempo de encontrar algo mejor.

Comencé vendiendo libros, y cobraba la parte correspondiente del porcentaje de ventas cuyo mínimo nunca se alcanza. Después de que me dieran mil veces con la puerta en las narices y de destrozar varios pares de zapatos me encontré con que llegó un fin de semana y, además de trabajar, Puri tuvo que correr con los gastos de lo que habíamos tomado porque no tenía ni un mísero euro para comprar pipas. ¿Qué otra cosa podía hacer que no fuera ni tan siquiera molestarme en despedirme de mi jefe? Me quedé con los libros del muestrario para regalarlos en ocasiones señaladas, porque a mí eso de la lectura si no son cosas de mi especialidad, tiene imágenes de deportes o dibujos y fotos de mujeres imponentes donde perderse en mil ilusiones corriendo por una playa del Caribe, me resulta un poco tedioso.

No puedo decir que mi siguiente trabajo fuera maravilloso, que conociera gente guapa o que me dieran un vehículo de empresa para desplazarme por la ciudad dejando constancia de mi triunfo en el campo laboral. Aunque vehículo, en realidad, si que me dieron: un carrito de color amarillo chillón repleto de folletos de publicidad que debía ir depositando en los buzones de los edificios. Era la época en que la mayoría de la gente estaba hartísima de que le llenaran el buzón del correo con papeles diversos que ni tan siquiera leían y así, en pocos lugares se dignaban a abrir las puertas que

daban acceso a los portales. En otros casos el trabajo se reducía a dejar un buen puñado de folletos en la papelería del edificio que rezaba “publicidad” y que luego irían directamente a la basura sin que los leyera nadie. A mí, eso me daba exactamente igual mientras cobrara, y vaya si cobraba, cada día, al dejar mi vehículo último modelo versión carrito de la compra. Lo más interesante: el sueldo, suficiente para una hamburguesa y una bolsa de palomitas. Si pensaba cambiar la vespa del abuelo por un utilitario y llevar de paseo a Puri e invitarla a una cena en una sencilla tasquita iba arreglado y además, por las secuelas que advertía, cada día llegué a tener la seguridad de que mis pies no me durarían mucho tiempo.

En mi siguiente trabajo sí que conseguí un vehículo, no como me hubiera gustado: deportivo, elegante, descapotable..., pero era un vehículo y además fue, más o menos indirectamente, el elemento conductor de los hechos que se desarrollaron posteriormente.

Fue Manolo quién me consiguió el trabajo después de ir a casa para que fuéramos a tomar una cerveza y me encontró con los pies totalmente hinchados y puestos a remojo en mi zafita de costumbre con agua y sal. No pudimos salir de casa debido a mi estado y, como buen amigo, se propuso hablar con su jefe para comprobar la posibilidad de que me diera trabajo en su empresa de bebidas, lo que siempre sería mejor que el correca-lles buzoneando en el que estaba inmerso.

Me llamó unos días más tarde diciéndome que todo estaba arreglado para que hiciera una entrevista. Que me olvidara de repartir folletos y me fuera al día siguiente a las seis de la mañana al almacén. No hizo falta que sonara el despertador aquella mañana, si bien las siguientes me costó más esfuerzo abandonar la cama. Mi amigo me auguraba un nuevo camino en la ruta de trabajador asalariado con posibilidad de contrato indefinido.

-¿Sabes conducir? – Me dijo mi futuro jefe sin tan siquiera preguntarme el nombre.

Era la pregunta clave. Conducir. Mi sueño. Llevar un vehículo de empresa para ser la admiración del barrio y conquistar envidias a golpe de caballos de un motor de explosión.

-Síiiiiiiiiiiiiiiiiiii...Hubiera dicho pero me conformé con un Sí rotundo.

-Muy bien. Necesito un chofer con plena disponibilidad, aquí no existe eso que llaman horario. Si estás interesado pásate por la oficina y empiezas hoy mismo. El conductor se me fue ayer a trabajar como conductor de un autobús urbano.

Lo curioso es que había terminado mi entrevista de trabajo sin que el jefe me preguntara mi nombre. Con los días me di cuenta de que para llamarme “niño”; para decir “eh tú, el último mono”, mucho más largo e inadecuado, no hacía ninguna falta conocer mi nombre.

Desde un pequeño vehículo, utilizado para mover contenedores, mi amigo Manolo me miraba satisfecho. Estaba seguro de que conseguiría el trabajo.

Fui a la mesa donde me esperaba el empleado encargado del personal, entre otras muchas cosas. Me pidió el carné de identidad y la tarjeta de la Seguridad Social y dejé firmados, en blanco, cuantos documentos me indicó.

-Ven conmigo. Te enseñaré tu vehículo.

En esos momentos me sentía emocionado. Al fin un trabajo como debía ser y con vehículo a mi disposición.

-Esta es la ruta que debes hacer y los clientes que tienes que atender.

No sabría definir mi primera impresión cuando vi el vehículo con el que debía realizar mi labor comercial: Pegaso, una cabina con lo justo, dirección dura, ruedas gastadas y volante grande y de plástico, y toda una carga de cajas de refrescos que tenía que descargar según aquella hoja de ruta que el encargado me mostraba. Como tantas veces ocurría, una confusión había hecho que me imaginara un trabajo diferente, repartidor con buenas previsiones de futuro para ser plantilla. Me sentí bastante incómodo aquella mañana descargando, llevando como ropa de faena mi traje de eventos transcendentales que me había puesto para tan importante entrevista de trabajo.

Arranqué aquel pura sangre y salí a recorrer las calles de la ciudad dejando las cajas de pedidos ayudado por una carretilla y mi espalda. Al llegar la tarde no sabía qué era más cansado, si repartir folletos o repartir refrescos. Lo que estaba claro era que había trabajado menos horas y que, según mi amigo, el sueldo sería más elevado.

Ya se sabe, los comienzos siempre son duros. Con el tiempo le fui cogiendo el gustillo al trabajo y marchaba por la ciudad con facilidad y sin preocuparme por dejar el camión en doble fila o delante de un vado mientras lo descargaba y, por supuesto, Puri estaba contenta, al fin tenía un sueldo, pequeño pero digno, podía aportar algún dinero para nuestra futura vivienda e invitarla cuando salíamos a tomar algo, además tenía los domingos, excepto algunas mañanas, para nosotros.

Fui haciendo amigos entre los clientes y siempre había un huequito para echar un cigarrillo o bebernos, de extranjis, un bote de cola, pero donde más me gustaba ir era al "Auriga azul". Allí sí que se veían mujeres de bandera. De esas que trabajan con su cuerpo pero también cantan y bailan de forma maravillosa, y siempre encontraba una sonrisa, una palabra amigable o picante, cuando no una invitación de más o menos chanza y, generalmente, una buena propina.

Del ambiente me enteraba poco debido a mi horario inapropiado por llegar cuando la fiesta aún no había empezado, pero en muchas ocasiones había alguna chica por el bar. La verdad era que verlas vestidas de calle distaba mucho de cuando andaban en traje de faena. Rara vez hablé con

alguna de ellas aunque el barman siempre me ofrecía una invitación para tomar una copa que yo declinaba.

Se dieron cuenta de mi presencia, como algo más que el repartidor de bebidas, de una forma casual. Diría que por un golpe de fortuna.

Aquel día mi enfado era enorme. Yo tenía derecho a disfrutar de unas fiestas que parecían ser sólo para otros. Eran los días en honor del patrón de la ciudad y había llegado al almacén dispuesto a salir corriendo en mi ciclomotor, todavía no había podido comprarme otro vehículo, pero allí me esperaba otro viaje que desbarbolaba mis ilusiones de llegar a tiempo de ir a cenar con Puri y después al concierto de Estopa con los amigos.

El jefe estaba a la puerta del almacén, preparado para marcharse, con las llaves de su Mercedes, esperándome.

-Llegas un poco tarde

Le mire y no dije nada. No valía la pena

-Tienes que llevar un pedido

Pensé que para qué iba a pedir ese energúmeno algo por favor.

-Tienes que llevar al Auriga Azul una carga de refrescos. Les ha aumentado el trabajo y se han quedado sin existencias. Después ya puedes ir a disfrutar de las fiestas, que son para todos. Aquí tienes las llaves de la nave. Cuando vuelvas a estacionar el camión, cierras y mañana, tempranito aquí que hay mucho que repartir. Me voy. Me esperan para ir a una obra de teatro.

No sé cuántas patadas le di a la rueda del camión, tampoco era cuestión de romperme una falange contra la chapa. Llamé a Puri, que pareció resignarse a que la dejara plantada otra ocasión más. Cargué las cajas que me habían dejado preparadas y me marché al Auriga Azul.

El local estaba repleto de parroquianos, no cabía ni un coche más en el aparcamiento y, sin preocuparme mucho, dejé el camión lo más cerca que pude de la puerta y comencé a descargar las cajas. El interior era una auténtica fiesta: música, bailes y caricias por todos lados. Me extrañó no ver algún guardia de seguridad pero parecía ser que no había suficientes aquellos días y el guardián habitual encargado de custodiar el orden de aquel paraíso se había ido la noche anterior a disfrutar de las fiestas y estaba detenido en comisaría por escándalo público. Y allí estaba yo, auriga de los refrescos, paladín en defensa de los derechos humanos con botellas y latas de refresco como armamento.

La clientela sobrepasaba sus posibilidades para atenderles de forma adecuada y me pidieron que pasara al club las bebidas y ayudara en la barra. No sé negarme a nada y además aquel ambiente me atraía. La fiesta estaba en un momento álgido cuando advertí problemas al fondo de la barra. Lo normal hubiera sido que llamara inmediatamente a la policía y hubiera puesto en lugar protegido mi pellejo. Todavía no sé por qué me puse delante de aquellos dos hombres que trataban con malos modos a la joven que les acompañaba y encendí un cigarrillo llamando su atención mientras ellos me

miraban como se mira a una hormiga molesta. Después les ofrecí tabaco y un vaso de Dalmore que, para mi sorpresa y tranquilidad, aceptaron. Me sorprendí bebiendo con ellos amigablemente y charlando de Camarón y Paco de Lucía, del Betis y del sonido de las guitarras. Se me hizo tarde, pero pasé un rato agradable con aquellos dos hombres que no he vuelto a ver.

Pasé a ser el héroe de la noche, de estar solo, descargando y sirviendo las bebidas, a ser invitado por la casa y que a mi lado estuviera una joven de ángulos perfectos. Menos mal que no tuve que pagar aquel jolgorio que me hubiera costado una fortuna que no tenía. Cuando miré el reloj cualquier prisa que hubiera podido tener desapareció porque el horario me impedía, por estrictas normas de urbanismo y educación, ir a por Puri, que ya habría perdido cualquier esperanza de que fuera a buscarla y dormiría como una bendita. Cuando dejé el camión llevaba en el bolsillo una oferta para trabajar como barman en el club. Quizá me quisieran para hacer strip-tease aunque mi físico dejaba mucho que desear: pocos músculos, bajito y, de guapo, lo justo. Por supuesto, no pensaba aceptar, Puri me hubiera matado.

La noche escapó como si no tuviera horas y entre dejar el camión, llegar a casa y acostarme, y volver a levantarme e ir a coger el camión para hacer el reparto del día desde tempranito apenas dormí un par de horas.

La lista de lugares a donde ir era enorme. ¿Cómo podía la gente beber tantos refrescos? Al menos tendría tiempo libre para quedar por la noche con Puri y minimizar su posible enfado. Cuál no sería mi sorpresa cuando al regresar me esperaba una notita, el jefe había pasado de esperarme, para que llevara un pedido extra al Auriga Azul. Al menos no era tan tarde como el día anterior y podría regresar a tiempo de darme una ducha y recoger a mi novia para salir a donde a ella le apeteciera.

No había clientela cuando llegué, un alivio porque no podía permitirme volver a perder tiempo como había ocurrido la noche anterior y, de aparecer mis dos nuevos amigos, no hubiera podido negarme a tomar una copa con ellos. Miré, antes de bajar del camión, por si había algún posible peligro y, después de colocar en la carretilla mi carga, entré al club. Estaba agachado dejando una caja cuando reparé en unas piernas larguísimas que habían llegado, no sé cómo, hasta quedar frente a mí, enfundadas en nylon negro. Fui recorriendo con la mirada toda su longitud hasta llegar a distinguir una rubia de esas increíbles que uno cree que no existen en la vida real. Después supe que se llamaba Irina y que había actuado ocasionalmente como superestrella del porno. Me sujetó del pelo y me levanto muy suavemente hasta ponerme a su altura, a donde llegara, y puso mi mano derecha sobre su pecho izquierdo, la otra la coloqué yo solo sin que ella me dirigiera. Me besó de forma fulminante cuando mis piernas ya temblaban perceptiblemente. Lo demás fue demasiado rápido o demasiado lento, no lo sé, pero desde luego no fui a ninguna cita con Puri mientras dejé transcurrir la tarde y parte de la noche en compañía de aquella amazona que no me dejó otra opción que

tomar un reconstituyente a base de yema de huevo que hizo Denis con todo su cariño: servicio completísimo.

Cuando amanecía subía al camión y me fui al trabajo directamente rogándoles que no me llamaran para llevarles ningún otro pedido fuera de hora.

No lo hicieron, tuve que llevar el pedido en horas de trabajo, eso sí, el último. Cuando llegué intenté pasar desapercibido. Esa tarde debía ir a ver a Puri, no quería ni imaginar su enfado cuando me viera, aunque ya había comprado un ramo de flores para nuestro encuentro. Además, todo lo que había sucedido podía ser asimilado a un accidente laboral. Me estaban esperando y, por si fuera poco, allí estaba Irina, eso sí, de chándal. Parecía otra mujer, conservando su belleza. Por mi parte sentí temblor pensando que mi pobre cuerpo no podría aguantar otro cuerpo a cuerpo con ella. Se limitó a saludarme muy cariñosa y a llevarme a un pequeño despacho en la planta superior desde donde se podía ver toda la planta baja en la que se encontraba la sala de fiestas y, mediante un sistema de pantallas, otros lugares del edificio.

Fue entonces cuando conocí a Rebeca. Mujer ambiciosa e inteligente, entrada en años pero maravillosa y gran conocedora del negocio. Parecía saberlo todo de todo el mundo. Si no, cómo podía ella conocer mis estudios, mi trabajo y mis amigos... Me ofrecía un multipuesto de contable, almacenista, barman ... y, por supuesto, protector de tanta belleza como había entre aquellos muros si era necesario. El sueldo: inimaginable. No había coche de empresa pero pronto podría comprar uno. No podía desperdiciar la oportunidad que se me presentaba pero tampoco podía decirle a Puri nada de ese trabajo porque me hubiera sacado los ojos después de dejarme impotente.

Se me ocurrió que podía compaginar mi trabajo de repartidor como tapadera del que se me proponía para las tardes y algunas noches, porque para llevar la contabilidad no hace falta estar en el área de producción del negocio. Rebeca no puso ningún inconveniente a que compaginara el trabajo que me proponía con el de repartidor siempre que no faltara nunca sin un motivo suficiente y sin que ella lo supiera, para eso pagaba estupidamente. Comencé la ardua tarea de tener esa doble vida que tantas veces había visto en algunas películas y siempre me pareció una ficción.

A partir de ese día, me levantaba temprano para repartir mi refrescante carga y, tras comer en un bar donde hice costumbre, me marchaba a la oficina que había instalada en la parte superior del club donde permanecía trabajando hasta tarde excepto los días en que había quedado con Puri, que me marchaba para atender nuestra relación, demasiado deteriorada durante los últimos meses. Había días en los que mis ocupaciones diversas en el club me impedían acudir a nuestras citas y entonces, como parecía ser costumbre últimamente, sus enfados podían llevarla a dejar de hablarme

Pasaron varios días y asomaba Mayo. Por la hora, ya tendría que haber amanecido mas la niebla se afanaba en no dejarme asistir al parto de la alborada. Yo sabía que peregrinaba por una cuesta empinada pues mi fatigado resollar me lo advertía y también porque a mis espaldas sonaba, allá en Manjarín, el faro de los peregrinos: la campana de Tomás, el "último templario" que vela del camino al traspasar la Cruz de Ferro.

De tantos y tantos destinos como indican los múltiples carteles existentes en aquel pueblo de un solo habitante parecía que yo hubiese elegido el sendero del fin del mundo, el que jamás me llevaría a mi anhelado Santiago de Compostela ni a ninguna otra parte. La niebla me rebozaba, me aturdí. Pertinaz ella, una y otra vez murmuraba a mis oídos escalofrantes historias que nadie logrará borrar de los archivos del tiempo. El camino deshoja recuerdos, hilvana deseos y siempre te da sorpresas. Por lo menos a mí me ocurrió al tropezar con aquel tejado de pizarra, escaparate de sombreroillos, donde Venus escoge sus ombligos. Bajo sus losas se agachaba una vieja casa de miraba tuerta y boca semicerrada. Por su solana y su corredor abierto silbaba el cierzo tan fina melodía que sólo la niebla bailaba y, supongo, también entendía.

Un ladrido me paralizó el aliento. Era un mastín blanco que, husmeante, se me acercaba! Permanecí inmóvil mientras me registraba las botas, la capa y las manos fuertemente agarradas al bordón.

- No tenga miedo.No hace ningún daño – escuché hablar a una sombra con zamarra y boina calada hasta el entrecejo. Poco a poco se fue

transfigurando en un amable anciano de arrugado rostro. Tenía un hacha en la mano izquierda y en la otra una estaca.

-¡Mal día tenemos!- expliqué, a modo de saludo.

-Nunca es mal día para plantar libertad - contestó.

-¿Ha dicho usted plantar libertad?- pregunté extrañado.

Se detuvo, giró su cabeza y afirmó con rotundidad:

-Así es, señor, Libertad, la planta más delicada.

-No sabía yo que la libertad se plantaba- aclaré.

- Muchos más lo desconocen y no lo reconocen. No se sienta raro por ello. La mayoría sólo sabe arrancarla. Y duele; duele porque crece entre espinas y cuesta cuidarla, pues se riega con justicia y no con agua- manifestó mientras acariciaba con el hacha la aguzada punta de la estaca.

Ciertamente yo estaba confuso.No era capaz de comprender lo que aquel hombre me decía. Loco no estaba y yo tampoco.

- A usted le tiemblan los ojos! – observó. -Necesita una “parba”.

Venga conmigo - resolvió con decisión.

Arrimó la estaca. Clavó en ella la herramienta y se dirigió al interior de la casa. Durante unos instantes me quedé perplejo, observando el mango del hacha. Llevaba grabado a fuego un símbolo similar a...un pétalo; ¿O... un corazón? A su alrededor se podía leer “A.D.I.L.A.” ¡No puede ser!

A la puerta me aguardaba “Trosky”, su perro. Convidaba a entrar meneando la cola hasta la humilde y acogedora cocina presidida por lánguidas llamas del lar, aún encendido.

-Acérquese al fuego y tome asiento; le vendrá bien - recomendó el anciano al tiempo que avivaba los rescoldos agitando la falda de su chaqueta.

Agradecí tan admirable hospitalidad y más aún cuando me puso entre las manos una copita y un trocito de pan.

-Beba usted este aguardiente, parida lágrima a lágrima por el alambique, sangre de las entrañas de nuestra tierra; le templará el corazón. ¡Lo ve! ¡Ya ha regresado la luz a sus ojos!

¡Cierto debía de ser! Seguro que echaban chispas, anegados, a causa del resquemor que recorría mi esófago después de un tímido sorbo. Me apresuré a tragar bocados de pan para mitigar tan asfixiante volcán.

Luego me insistió para que probase los manjares de la tierra: olorosas man-

zanas reineta y pera conferencia; incluso sacó un trozo de botillo para brindármelo.

Tanta generosidad me emocionó. Se despejó mi mente; rápidamente relacioné conceptos:

-¿Estamos en el Bierzo, verdad?

-Así es, señor - explicó el anciano, sonriendo. -A las mismas puertas; justo en el Acebo. Se encuentra usted en el lugar donde los peregrinos del Camino comienzan a volar.

-¿Por que dice eso?

-Porque aquí, ya le he dicho, plantamos libertad. Ahora con el corazón caliente seguro que lo entenderá.

Ciertamente yo sentía en mi pecho un latir desenfrenado, una apremiante inquietud por saber más de aquella inscripción en el mango del hacha por eso me atreví a preguntar sin ruborizarme.

-¿Cómo se puede plantar la libertad?

-Cada pueblo, a su manera. Aquí, en el Acebo, se hace con estacas. Ochocientas de ellas liberaron a este pueblo de pagar tributos al rey en otros tiempos y algunos aún las reponemos de vez en cuando para marcar en la nieve el Camino de Santiago. Es nuestro homenaje al pasado - manifesté, sentado, con la mirada perdida entre la lumbre.- En cambio, el mayor homenaje que se le puede hacer a la libertad es sembrar pétalos de Adila. En el Bierzo se han sembrado muchos. Ya sé que no me cree

-¡Sí, sí, le creo! ¡Claro que le creo! En mi tierra también existe un pueblo donde siembran pétalos de Adila. Se llama Paradela.

-¡Paradela!- exclamó iluminado. - La tierra del "Villa"- aseguré, rebuscando de nuevo las palabras entre el fuego.

-¿Cómo ha dicho?

-Nada, nada. Cosas mías.

Nos miramos en un breve silencio. Inesperadamente se giró; caminó nervioso describiendo apretados círculos, murmurando, mientras sujetaba al perro que fieramente me gruñía. Luego, se detuvo. Fue en ese instante cuando descubrí las enormes lágrimas que suavemente resbalaban por los surcos de su cara y los ojos de "Trosky" a dos palmos de la mía.

-¡Quieto!- le ordenó. Se acercó a la alacena; destapó un candil. De allí sacó un papel manuscrito enrollado... ¡ a una bala! -No se asuste - indicó con el proyectil en la mano. - Esta no es de las que matan sino de las

que avisan. Fíjese bien - advirtió sacando la boina y dejando al descubierto una llaga circular en el sobrecejo. Allí colocó la bala. – Lo ve, es de la medida.

Sobrecogido, taponé mi boca con las manos para acallar mi espanto antes de que el anciano se apresurase a calar de nuevo su boina.

-Y esta letra – continuó- es de un hijo de Paradela que como muchos otros, a la fuerza, tuvo que abandonar su tierra . Es una carta inacabada. Sólo la podrá comprender el que siembre libertad con pétalos de Adila. Que tenga buen viaje –concluyó entregándome la bala enrollada a la carta.

Quise seguirle pero “Trosky”, erizando su pelo por el dorso, me recomendó sosiego. Cuando logré levantarme apenas divisé los talones de las botas del anciano y el remate de la estaca perdiéndose en la niebla.

-Oiga! ¡Escuche!.

Nada. Sólo niebla. Mucha niebla y en mi mano el pasado. De poco sirve querer olvidarlo si a cada rato me sale al paso! Desenrollé la carta y leí:

Ciudad de la Selva 1 de Maio de 1946

Hoxe é a Santa Cruz en Barán na miña querida terra de Paradela. Xa que non podo estar con vós unha boa saúde é o que mellor desexo para toda a miña familia, a miña ben por agora. Teño novas do sobriño que vai nacer. Oxalá poda disfrutar da liberdade que a min me roubaron. Tamén estou informado das accións das contrapartidas atribuíndonos accións criminais que nós non cometemos. Todo é para desacreditarnos diante dos nosos paisanos. Podedes confiar no “Risas”...

O Risas! Ten que ser o meu avó!

A carta estaba rachada. Ou inacabada? Non eran tempos de acougo para escribir tranquilos. Será unha de tantas cartas que quedaron no silencio.

Continué camino hacia “Ponsferrata”, meditabundo. La aventura elige al hombre o el hombre a la aventura? Cuántos han elegido la senda forzada?

-Si no acudo a la llamada del pasado seré un desertor de mi alma? – preguntaba yo , de rodillas, ante Nuestra Señora de las Angustias en la ermita de Molinaseca cuando una anciana se puso a mi lado. Bisbeando me dijo:

El “Risas” siempre ha cumplido.

Se me heló la sangre.

-Debe variar su camino- prosiguió. - La verdad está en las montañas. Al llegar al Puente de los Peregrinos siga el cauce del Meruelo y busque la cueva de las Puentes del Mal Paso. Le indicarán el camino los chopos, los arces y las encinas. Y no se detenga a releer la carta pues ya le diría el viento que allí traicionaron por la espalda a quien tal cosa hacía delante de los mismísimos ojos de Adila – advirtió la anciana antes de marcharse.

-Adila es una mujer – pensé. –Pero los pétalos?

Salí decidido a enfrentarme a mi destino. Busqué en el mapa y orienté mis pasos sobre la huellas de los “fuxidos”, no forajidos. Fueron días de vericuetos entre hinojos, violas, jaras del diablo con cuatro pétalos, aromas de orégano y tinte del aligustre . A la entrada de la cueva una mata de jaras blancas aún recuerda el sangriento suceso.

A partir de allí otra caminata, bordeando pueblos donde las montañas vomitan lágrimas negras hasta alcanzar Fabero.

-Huya de la Picota de Toreno – me advirtieron. –Suba a la mina llamada la “Julia”, en Fabero. Allí estará registrado su abuelo.

- ¿Y mi padre?

- Nunca supimos que tuviese un hijo- contestaron.

-Pues no lo entiendo, yo soy su nieto.

Seguí recorriendo el espinazo de León por La Laciana, divisando los besos que, por el viento, se enviaban El Teleno y La Cabrera.

IV

Atando cabos voltei a Galicia. Sempre polos camiños do demo. Encetei o Courel por Visuña e descolgueime polo Carballal para caer nas terras do Incio. Diante miña, borrando pegadas, xa se me adiantaran as sil-

vas e as hedras afogando aldeñas enteiras que sabían da miña identidade, impedindo que contasen a verdade. Mais, cando virei cara a Foilebar, polos carreiros dos lobos de Fole, agardabame alguén que non podo amentar.

Nada máis verme dixo:

-Eres ben cuspidiño no teu avó. Se non fora polo beizo que tiña fachado.

- Por eso lle chaman “O Risas”.

- Así é. Aquela navallada no beizo superior curoulle mal, quedoulle enrugado, e condenouno a rirse de por vida.

- Qué navallada? Quen lla deu?

- A modo, a modiño! Os feitos da historia pasada non hai que ve-las coa pasión dun partido de fútbol! Convén reflexionar, bebelos a grolos cativos. Agarda aquí que teño unha sorpresa para ti.

E tíña. Vaia se a tiña! Era unha foto . Dous homes, un maior e outro case un mozo, cada un co seu fusil.

- Mira onde está! Por fin saberei algo de ti- expresei.

- Non me dirás que non se vos saca ben polos ollos, ¿non é?

- Eu dígo polo mozo que está ó lado.

-Coñeces o que está co teu avó? – preguntou moi exaltando quitándome a foto das mans.

- Chámase Ramón, “O Cruzado”, pero agarde, agarde – comecei a andar tras do meu confidente.

- Como foi a navallada?

-Pregúntelle “O Cruzado” , el sábeo ben? E non me siga! – ameazou, collendo unha fouce que había espetada na parede. - Esquézase de min se aprecia en algo a súa vida – advertíume cando desaparecía por entre as matogueiras.

Fiquei espetado no chan por tan inesperada reacción. Decateime que andar preguntando polo pasado non era unha chanza, nin se parecía ás películas de detectives. Era algo que facía ferve-lo sangue, desataba tensións enferruxadas ; poñía debaixo dos meu pes un terreo de areas movedizas. Comprendín que xa empezara a remexe-la cesta das patacas da que me falara miña nai. Había que andarse con ollo!

Reempredín o camiño coa firme determinación de non deixarme amedrentar. Eu non era un conaianas. Ou iso pensaba antes de descubrir que alguén me estaba a segui-los pasos. Os paxaros fuxían. Movíanse as

xestas. Subínme ós penedos, mirei arredor; todo estaba quedo, pero o corazón apuraba. Había algo que lle metía medo. Eu estaba seguro de que uns ollos me vían. Apretei os dentes. Peranecín inmóbil naquel parapeto ata a noiteña, interpretando o angurioso silencio de cando ó monte non lle deixan falar. A escuridade foime velando os ollos; escoitei tasca-los carabullos no chan. Mal sinal. Afinei o oído. Cercabanme polos catro costados. A cada pouco un paso. Foron breves momentos nos que a un home todo se lle encolle. Repása-la vida sen tempo para arrepentirse. De que? Nada malo fixera. Coma tantos outros. Cazado sen deixar rastro. Se estivera armado saíría como o porco bravo ferido levando por diante a quen pillase. Se...

De súpeto, descárgaronme na cabeza unhas raxadas de luz.

Quedeime cego.

-Alto! Non se mova! –escoitei unha voz atronadora. – Sepárese da mochila.

En décimas de segundo tiña as mans atadas. Rexistráronme dicindo:

-Ten que acompañarnos ó cuartel. Temos denuncias contra vostede.

-Por que?

- Por andar molestando e acosando a preguntas ós veciños das serras astur-galaico-leonesas.

Non tardaron en depositarme nunha estancia fría, con pouca luz, onde un par de axentes bombardeaban con preguntas ata que se decataron da miña inofensiva aventura.

- Eu nin xuzgo nin xustifico os feitos de ninguén – aclareilles. – Nos tempos revoltos, en calquera dos bandos, sempre houbo personaxes que tingüiron as mans de cobardías.

- Ten razón- afirmou o que lucía máis estrelas – e por eses actos vergoñentos mídenos a tódolos demais inxustamente. Nós recibimos ordes e estamos para servir. Poremos a súa disposición o arquivo máis fidedigno de todo o acaecido nestas terras e o seu contorno, dende a Serra de Louzara ó Alto do Faro.

Nese intre abriuse a porta para dar paso a un home envolto na claridade exterior.

-Aquí o ten – dixeron.

Avanzou con axilidade. Pechouse a porta. Daquela logrei recoñecelo. Era “O Cruzado”!

-Xa me tardaba de velo – asegurou con voz estentórea e ameazante mentres remataba de apreta-lo nó da garabata. –Estou informado do seu longo percorrido para remexer no pouso da historia.

Puido evitarse a viaxe se falara comigo – rematou con cinismo.

Non souben que contestar. O meu cerebro non asimilaba aquela aparición nin aquela forma impetuosa e arrogante de falar. Sen máis dirixiu-se ós gardas e cun guiño de complicidade ordenou:

-Imos dar un paseo.

-¡Non! – gritei con pánico agarrado á mesa mentres me percorría unha fría suor polo espiñazo!

-Será unha cousa rápida – indicoume maliciosamente un dos gardas agarrándome polos ombros.- Témo-lo coche a porta.

- Non, non! - recuei ata unha das esquinas. – Quero falar por teléfono – supliquei.

-Tanto tempo fóra da casa e acórdase agora da súa nai! - expresou “O Cruzado” con ironía.

-Quero a miña mochila! –insistín. – Nela teño o móbil.

-Tamén tiña isto! – indicou “O Cruzado” moi alporizado, amosando o anaco de carta enrollado á bala que me deran no Acebo. – Pódese saber de onde diaño a sacou?- inquiriu, pegando un forte puñado contra a mesa. Amosaba uns ollos totalmente desorbitados. –Pensamos que este tipo de balas ficaban durmidas para sempre, Pero non! Aínda queda quen se entretén en resucitalas. Anda buscando espiñas para o seus propios ollos!- advertíume co dedo índice da man dereita posto no medio e medio das miñas sens.

Virouse bruscamente e saiu coma un foguete alisando o traxe. Tras del foron os gardas.

Floxeáronme as pernas; funme escorregando ata dar de bruces no chan. Rompín a chorar, bebendo saloucos contra os meus xeonllos.

Volveuse a abrir-la porta suavemente. Quixen calar. Notei que avanzaba unha sombra polo chan. Non me atrevín a ergue-los ollos. Sentínme afundido.

-Ah! –encollínme estremecido ó sentir algo na caluga.

-Ola, fillo!

-Mamá!- gritei abrazándome ás súas pernas ,agatando coas mans ata a súa cintura para repouso—la miña cabeza contra o seu ventre e cho-

rar, chorar desesperadamente mentres ela aloumiñaba os meus cabelos con tenrura.

-Mamá, ti aquí? Cómo sabías...?

- É moi largo de contar. Ímonos.

-Si, mamá, imos para a casa. Non quero saber máis nada.

-Non. Agora has de sabelo todo. Acompañareite a Paradela.

O taxi estaba agardando. Levounos directos a Barán, a casa do "Cruzado". Na porta volví a recibirnos a mesma señora de cabelo veteado e ollos rebuldeiros.

- Pasade – dixo. – Estades na vosa casa.

Cruzamos un pequeno recibidor para penetrar na cociña. Levei tal susto que me tiven que agarrar ó marco da porta. "O Cruzado" estaba sentado na cabeceira da mesa, vestido tal eu o coñecera, chaqueta de pana verde coa boina calada.

-Pasa, home, pasa; senta. Imos xantar – convidou cunha cordialidade e franqueza para min desconcertante.

Non teño fame – manifestei, querendo recuar.

-Non me estraña – manifestou nun tono compasivo. –Quixeches comprobar como era a vida dos fuxidos e para mostra tiveches dabondo. Probache-lo mundo dos corazóns enconicados nun puño.

Pero vostede é ... ou non é?

Por algo me chaman "O Cruzado". Senta e come.

Obedecín e escoitei.

- No ano trinta e seis eu cumprira trece anos- comezou a contar entre bocado e bocado. – O vinte de Xullo, lémbrome ben, apareceu o alcalde de Sarria reclutando milicias para organizar unha partida de gardas. Alá foron varios para un lado. Despois chamaron a filas cinco quintas para o outro lado. Tamén se foron. Secuestraron a xuventude da parroquia. Dos que quedamos no medio ninguén se acorda. O mesmo ocorre coa laboura do árbitro no partido do fútbol. Ben sabe, escóitanse calumnias de todos. Hai que fiar moi fino. Só precisan que un berre: ¡penalti! para que os demáis ruxan coma leóns nun circo romano. Os humanos en manada somos moi perigosos. Pero senon hai árbitro suspéndese o partido.

-Eu medrei no medio do lume – continuou. –O mesmo levaba comida e recados ós do monte que lles lía as cartas ós pais dos que andaban no fronte.Eran letras que facían chorar ás pedras! Nos dous lados esta-

ban á forza. Todos eran veciños. Os do medio tiñamos os mesmos compromisos con calquera deles. Había que matinar na maneira de salvar o maior número posible de vidas. Por iso arrimeí o peixe meirande meténdome nas contrapartidas

-Entrecruzouse nos dous bandos!

- Cumpría facelo.. Neste caso o fin xustificaba a forma. Asañáranse en vinganzas inhumanas. No Incio aparellaron cunha albarda ó médico, atárono ó rabo dun cabalo que voltou cos restos para a corte ó día seguinte e aquí mesmo en Barán mataron o autor da carta que tiñas na mochila, Emilio Golás, “Villa”, mentres lle daba un colo ó seu sobriño ,mais despois, eu mesmo, coma tódolos veciños, vímonos forzados a arrinca-la palla nos palleiros para queima-la casa de quen os delatara. E non conto máis porque se me avinagra o sangue !- rematou botando un trago de viño.

-Pero non descubriron que vostede cruzaba servindo ás dúas mans!

- Ben o sabían, ben. Sabíao quen valía para sabelo, claro!

Convíñalles un árbitro. Está claro que calquera xogador de fútbol con algo de sentido quere vencer pero non gaña nada partíndolle as pernas ó rival nin se llas rompen a el.

-O peor era o que estaba no medio.

-Exactamente. Había que bailar coa que tocaba. Se nunha refrega te atopabas a solas cun contrario faciaste o cego e cada un polo seu lado pero á vista dos outros había que usa-la violencia coa mesma contundencia cós demáis. Non vale disimular. Nunha delas roceime co teu avó.

- E deulle unha navallada?

Parou de comer, mirou á miña nai, botou outro trago e proseguíu:

Xa vexo que non perdíche-lo tempo pero esa é outra historia.... Non sabes a razón?

Non -confesei.

- Foi por mór da Manuela –mirando para a señora de pelo veteadó.

- Teu avó, coa súa doutrina, conquistou a moita xente. Tamén á Manuela. Quería irse con el ó monte. Mal feito – parouse a limpar a suor co pano das mans. – Estaba preñada e aínda que non o estivera- asegurou enérxico- as mulleres sempre foron as que máis sufriron nas guerras. Quedaron no medio, recibindo disgustos e sementando a esperanza. Nunca se lles pagará o que levan feito por esta terra- sentenciou. Logo continuou. – Advertinllo moi claro.

“Se a levas , non duras nin un día”

“Non mo irás impedir ti, virachaquetas”- amenazoume ó tempo que botaba a man ó peto. Foille tarde . Xa lle pasara eu o fio da faca polos beizos. Doeume. Pero a Manuela quedou nesta casa para cria-la súa filla e máis axudou a sementa-los pétalos de Adila.

- Adila, a noiva do Girón, aquel leonés traicionado polas costas mentras lía unha carta na cova das “Puentes del Mal Paso” – apuntei para demostra-los meus coñecementos.

- Certo, fillo, certo.-explicou a Manuela. - E por riba, para botarlle a culpa a Adila e ó seu fillo destrozáronlle a cabeza a outro galego inocente. A pobre muller moito tivo que sufrir sabendo que tiñan o cadaver do noivo exposto nun escaparate da Ponferrada.

Por iso se escolleu como contraseña “pétalos de ADILA” – rematou miña nai – e o seu nome foi sementado ,como símbolo de unión, entre todos aqueles que , abrazados polas montañas de Galicia, León e Asturias, se sacrificaron , sen distinción de lingua nin raza, en Auxilio e Defensa Incondicional da Liberdade Amenazada .(A.D.I.L.A) , salvavidas nas ondas de historia embravecida.

-Agora entenderás –aclaraou Ramón – polo que eu non son capaz de presenciar un partido de fútbol e outras manifestacións deste mundo moderno nas que se calumnia, se destroza o mobiliario público, se poñen etiquetas xogando coa Liberdade coma se fose orfa. Pois ten un pai, o Respecto , e unha nai, a Responsabilidade , que levan sufrido moito para enxendrala, cuidala e alimentala ata se converter nunha fermosa dama chamada Democracia. Deben pensar que nola regalaron ou que só serve para poder insultar a calquera, comezando pola nai dun árbitro.

- Non me contastes que fora do meu avó. Na mina non morreu como ti dixeches , mamá.

Quedaron calados. Miráronse uns ós outros.

-Cóntallo – dixo miña nai.

O Ramón recolocouse na cadeira, deulle varias voltas á gorra e acendeu un pitillo.

- Mateino eu- asegurou mentres expulsaba a bocalada. – Foi o vinsete de Maio de mil novecentos cincuenta e catro, ó mesmo día que caeu

“Cristo”, lugartenente do “Piloto”, en Castro de Rei, aquí na parroquia do lado.

O día tres houbera feira en Mosteiro Vello. Enteireime por un enlace de que teu avó, daquela coñecido xa para sempre polo “Risas”, andaba planeando a vinganza da navallada. Predicaba ós catro ventos que eu era un “Cruzado”. Quizás non o entendas pero cando a un home lle colgan unha etiqueta convírtese nun maniquí de escaparate cun precio ás costas e se os tempos andan acedos non falta quen che queira arranca-la etiqueta coa punta dunha bala.

-Entendo, entendo- asegurei.

- Mais non iría a por el senon fose que coa súa doutrina engaiolou a filla da Manuela.

- Que son eu- afirmou miña nai.

Quedei coa boca aberta. Miña nai tiñame dito que era orfa

E...?

-E aproveitei a caída de “Cristo”. Eu sabía que despois dun golpe ou dunha batida pasaban tempadas na ribeira, aletargados, en refuxios que nin os infiltrados poideran descubrir nunca. Para adiantarme ó seu repregue crucei polos atallos e tireime ás marxes do Miño. Agardeille a petada nun souto do outro lado do río. Metinme dentro dunha cachopa de castiñeiro. Dende alí enfilaba o carreiro. Pero osmoume! Tiña un olfato especial para os perigos. Moi listo era! Detívose na boqueira do souto, por detrás dun vargos que tiña a cancela. Logo o vía, logo non o vía; nin que fose unha donicela. Decateime que estaba a rirse de min. Tentei de xogar a derradeira baza e faleille:

Teño aquí os cartos e o pasaporte para que podas marchar para Francia.

- Méteos no cú – me dixo.

Non houbo máis conversa. Non o vía bulir por ningures. Púxenme moi nervoso. Eu sabía que me metera na boca do lobo e que de alí un dos dous non saía con vida. Estaba xurada porque entre lobos non hai ouveares.

Imaxinei a ánima do seu Mauser vixiando a boca da cachoupa, agardando a que eu saíra. Para comprobalo espinme. Coa chaqueta reenchín a perneira do pantalón e ateille unha bota. Segun asomei a falsa perna recibiu dous balazos a altura do xeonllo. Queixeime canto puideren mentres me vol-

vía a vestir sen quita-lo ollo do burato polo que eu vixiaba, pero non picou. Seguiu sen moverse. Pasei alí toda a noite.

Pola mañanciña, aínda non acabara de erguerse o relento, escoitei as chocas que se achegaban. Vin as vacas entrar co carro no souto. Coñecín o home que as traguía .Era de máis abaixo, de Sernande. Desenganchou. Quitoulle-la mulida e botounas a pacer. Mandou senta-lo can, colleu o lampo e comezou a pillar no estrume darredor dos castiros. De cando en vez botaba unha ollada. Aquilo non me cadraaba. Pero o can alzou a vista. Entón decateime que nas ponlas do meu castiñeiro estaba o paxaro a piques de mexar por min. Abrín fogo á desesperada e caeu “ O Risas” diante da cachoupa.

-O home da fouce tamén era dos que quedara no medio. Xa estaba curtido. Prestouse a botarlle terra o asunto. Foi polo carro, cargámo-las gavelas para agocha-lo morto. Baixámolo ata un pendello onde tiña unha vella pía de pedra de salga-los porcos; empregábaa para desface-la caparrosa cando axofraba as vides. Ó seu carón pousámolo corpo e con dúas pancas virámola pía para enriba do morto. Hoxe repousa debaixo das augas do encoro, aló en Chantada. Deus lle dea descanso.El non tivo a culpa... pero eu tampouco. Nunca cho contei – afirmou mirando para a miña nai- cando lle quitei a documentación da chaqueta atopeille un pasaporte para ti e outro para el.

- E do meu pai? – preguntei. – Del si que nin souben nin sei nada.

Ergúéronse os tres da mesa ó unísono e encararon a porta para saír. Dende alí revirouse miña nai para dicirme:

Non sabendo nada, sabes abondo.



Manuel Rodríguez López
Filho predilecto de Paradela

Biografía

MANUEL ORESTE RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, cronista e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral. Traballou como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: "POEMAS POPULARES GALEGOS" (1968), "SAUDADE NO BULLEIRO" (1970), "SOLDADA MINIMA" (1979), "ONTE E HOXE VIVENCIAL" (1995) e "A ATLANTIDA" (1995), tradución ó galego do grande poema épico catalán de Jacint Verdaguer. En prosa: "REENCONTRO COA ALDEA" (1983), "GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982" (1983), "GALEGOS EN CATALUNYA-2" (1985), "VIAXES CON ANXEL FOLE" (1988), "FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989" (1989), libro-programa das festas e "VOLTA A ESPAÑA A PE" (1990), tradución ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan "HOMAXE O CHE" (1970), "A NOSA TERRA" (de "Libro de Oro", no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), "HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO" (1976), "GALICIA NO ANO 1979" (1979), "JOSE M^a ACUÑA" (1983), "OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE" (1986), "VOCES POETICAS" (1987), "PARADELA Y SU CONCELLO" (1990) e "ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA" (1993).

Entre a bibliografía sobre Manuel Rodríguez López inclúense obras como "Gran Enciclopedia Gallega" (ver tamén o apéndice I), "Medio cento de galegos e Rosalía" (1983), "88 gallegos: una tierra a traves de sus gentes" (1983), "De Pondal a Novoneyra" (1984), "Diccionario de escritores en lingua galega" (1990), "Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-1975" (libro e vídeo, 1993) "Diccionario da literatura galega. I. Autores" (1995), "Diccionario de Fole" (1997), "Alén do azul. Unha ducia de poetas gale-

Fillo predilecto de Paradela

gos en Catalunya” (1999) e “Vida e obra de Manuel Rodríguez López” (2000).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía Meigas e Trasgos de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas “TI ES ETERNO” e “NEOPLASIA”, respectivamente; o Premio Xosé M^a Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con “A EMIGRANTE” e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra “NOITE DE NADAL”.

En prosa, coa peza teatral “VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA”, conseguiu o primeiro premio Nós de Barcelona en 1980. En Sarria, mereceron o premio Meigas e Trasgos os seus contos “A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS” (1977) e “QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO” (1986) e, en Baracaldo, “BAIXA VOLUNTARIA” (1978). Nos Premios Galicia de Xornalismo, quedou finalista na sección de Reportaxe, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en Coordinadas e Dorna; no Boletín, en Treboada e Alborada do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de Faro de Vigo e de El Ideal Gallego na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de El Progreso de Lugo, La Voz de Galicia e Praza Maior (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en Radio Nacional de España en A Coruña e Radio Popular de Lugo.

Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González e M^a Carmen Otero musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado “Fillo Predilecto do Concello de Paradela” e “Lucense del año 1989”. En 1990 inaugurouse a Casa de Cultura de Paradela “Manuel Rodríguez López” e, no ano 2001, o novo “Centro Socio-Cultural Manuel Rodríguez López” tamén na capitalidade do Concello que viu nacer ó poeta paradelense. Dende 1995, vense celebrando cada ano o Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López, organizado polo Excmo. Concello de Paradela.

A Malla

O Fidalgo foi o primeiro en alugar a máquina, e o Xan, que anceiaba ver mallar, alá que se foi. Cento cincuenta fanegas de pan daban traballo pró día inda que se xuntou moita familia: mulleres, homes, mozos e mozas e tamén cativos. Na casa, as donas tiñan un trafego de mil díaños pra preparar xantar pra tanta boca. Na aira, o Suso carretaba na palla, o Sidro facía no palleiro e as rapazas espallaban ou sacaban os coaños. Aquelo era un remuíño de xente baixo un sol de lume. E o persoaxe máis popular era o señor Xosé María, que metía o pan na máquina.

Todos o tiñan por moi entendido e por home experimentado na vida. Il, pra demostrar a súa sabencia, requeaba latíns coma os cregos. Tamén era gran amigo do abade, un vello do seu tempo. Comía as rans e, cando ía ó monte co gando, sempre andaba arrodado de rapaces porque pagáballes a ducia a seis patacóns. Sendo mozo, emigrara a Bós Aires, a onde, pouco denantes de voltar á Terra, mercou vinte zapatos do esquerdo, aproveitando unhas grandes rebaixas. Con mirar pró chan, ó ver na lama pegadas do mesmo pé, sabíase de fixo por onde collera.

Un día de sementeira, á noite, de volta prá casa, a burra non lle quería entrar no curro e cando cansou de lle bater, en véndoa fuxir pola corga abaixo, berrou:

— Carano pró demo! Ogallá te coman os lobos!

E así foi. O outro día uns rapaces vírona aínda viva, pero medio comesta do lobo. Fora unha praga; porque naquil tempo, pola bisbarra non se sabía o que era unha alimaria.

O tío Xosé María era moi sabio. O que íl decía case que pasaba sempre. Tamén entendía moito do tempo. Cando ía chover, sabíao. Todos lle preguntaban: Tío Xosé María, ¿choverá? E il sempre acertaba, de quitado un día de seitura que lle pediu a sobriña:

— Tío, ¿Choverá hoxe?

E púxose a mirar ó ceo e asegurou que tería un día moi bon.

Pola tarde choveu a ballón e, cando chegaron ó pobo, decíalles a xente:

— Vides bons!

— Quen ten a culpa, berrou a sobriña, é o raio do vello!

Il xurou que non tornaríaa a pronosticar o tempo. E tal dito, tal feito.

Noutra ocasión, por un Quince, ergueuse de mañán cedo e acomodou as vacas coa idea de ílas vender. En canto se enchían, almorzou, aviouse, calzou dous zapatos desaparellados do esquerdo e colleu a caxata. Abriu a porta do curro e

Fillo predilecto de Paradela

afalou ás vacas pra xunguilas; mais quedou cavila que cavilaras e dixo:

— ¿Pero eu ónde vou convosco? Pra decir que arades, non arades. Pra decir que dades leite non dades ningún. Así que, carano pró demo, non irei á feira. Denantes de engatusar a un parvo, millor será pensar nos nabos.

Foi arar á nabeira e, de volta, as vacas remoscáronlle e o tío Xosé María corre que te corre detrás délas. Cando as alcanzou, púxose a camiñar dediante. As vacas, daquela, non lle andaban. Entón berrúlles:

— Con razón ou sen razón, cartucho ó canón! Quedades eiquí prá tarde e así non teño o traballo de darvos de comer.

Deixounas, e á tarde, cando saíu da casa e as viu diante do portón, preguntoulles orgulloso:

— Ai ho! ¿Seica extrañades ó amo?

Un día que viña con outro home aló do Páramo, cando chegaron ós prados do Bricheiro, serían as tres da mañán, estaban moi cansos e sentáronse nunha peneda. Nesto que viron un cabaliño novo e díxolle o señor Xosé María ó seu compañeiro:

— Chacho! Ise caeu do mellorciño! Traino, que montaremos acabalo dílastra a Ferrería e logo dámoslle un pau e que vaia a facer arolas.

O outro home, que era o Xosé Ramón de Trebolle, foi a collelo e o animal quedouse mainiño; pero cando o señor Xosé María quixo montar, tornouse grandísimo. Achegábaselle o Xosé Ramón e volvía ó seu natural. Só que fixera por botarlle a man o vello, e medraba a besta o dobre. Non atinaban a comprender o porqué daquil misterio; pero o cabalo ben sabía que o señor Xosé María traguía un rosario no bulsón e o compañeiro non levaba nada bendito. Non se decataron do caso e foi de modo e de maneira que decidiron ir un dacabalo e outro a pé.

Todo foi montar o Trebolle e a besta do demo botarse, corre que te correrás, pola corga abaixo cara o río. O home moito berraba pero o cabalo non se domeaba e, en chegando ós prados do Bricheiro, alancou dereito ó pozo do Xervasio.

O Xosé Ramon sospeitou acertadamente que era o demo e pregou:

— ¡Xesús, María e Xosé!

E, no intre, o cabalo tirouno nos prados e íl, rinchando, chimpouse no pozo.

O tío Xosé María, distes casos déronselle moitos; por iso sempre andaba prevenido e traguía o rosario no bulsón, porque, naquiles tempos, aseguraba íl, o demo andaba solto e aparecía onde menos pensaba ún. O que sí é certo, nunca mancaba a ninguén. Somentemente gostaba de facer trasnadas.

Manuel Rodríguez López
Do libro “REENCONTRO COA ALDEA”
(Edicións Do Castro, 1983)

TI ES ETERNO

A Xulio Xiz

Agro galego,
paridor inesgotable de clorofilas,
paradiso sucado
por infindos regueiros
de semen ninfático
fertilizador das tuas entranas,
sempre disposto
a froirificar
en ricaces centeos,
frescos lameiros,
soutos aculagados de ourizos,
mestas carballeiras,
piñeiras aviados con traxe novo,
eucalitos, que se arrandean perto do ceo,
ribeiros e albariños gasalleiros,
figos celmosos
e hortas ateigadas de mantenza...

Ti és eterno

Enxamáis morrerás, agro galego!

Apesares do televexo,
da radio e das estradas,
que invaden teus currunchos
nourora isolados,
apesares da sociedade de consumo
que te materializa,
encadea,
masifica e domea
engaiolándote con feitosos,
barullos, gargalladas, firmas de letras
a pagar en tres, sete, nove meses...
Apesares da dinificación dos mitos

Fillo predilecto de Paradela

ti és eterno!

Inda que as tuas donas deixen afogar a voz
anterior
amamantada no sermo “vulgaris”;
inda que, desleigadas, se deixen cegar polo meiguizo
turístico-propagandístico-auditivo-visual
do “Viva la Vida” “Contamos contigo”;
inda que reneguen de ser un pobo diferenciado
i ensinen o castrapo ós seus nenos;
inda que se mergullen nos rechamos mendaces
alleos-trunfalistas que nos disipan...
ti és eterno!

Inda que se esborralle
o idioma arrequetado polo pobo,
a multiseccular “fonía” céltica
non morrerá!

Agro galego,
noutroira huchete choído,
que atesourabas garimoso
as alfaías e pérolas do verbo
pulimentado nos beizos labregos,
está a chegar o intre da coitelada final!

Erguete!
Esfrega os ollos e arreponde varil!
Calca forte e activo polos teus vieiros!
Faite irmandiño defensor da fala dos abós!

Manuel Rodríguez López
Do libro “SOLDADA MÍNIMA”
(Edicións Do Castro, 1979)



CONCELLO DE PARADELA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE CULTURA
E DEPORTE

